



Deputación
Pontevedra

BOLETÍN OFICIAL

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

LUNS 14 DE ABRIL DE 2014

◆ Número 72 ◆

Pág. 1

SUMARIO

ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO	<u>Pág.</u>	ADMINISTRACIÓN LOCAL	<u>Pág.</u>
MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL		Provincial	
<i>Servicio Público de Empleo Estatal</i>		Deputación Provincial	4
Oficina de Prestaciones de Pontevedra	2	Municipal	
XUNTA DE GALICIA		Pontevedra	6
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA		Vigo	9
Xefatura Territorial de Pontevedra	3	Arbo	13
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS		Caldas de Reis	13
<i>Augas de Galicia</i>		Cangas	15
Subdirección Xeral de Xestión		Cerdedo	15
do Dominio Público Hidráulico	3	Cuntis	16
Zona Hidrográfica Galicia Sur	4	A Estrada	16
		O Grove	23
		Lalín	57
		Meaño	57
		Mos	89
		Ponteareas	91
		Ponte Caldelas	93
		O Porriño	93
		Pontecesures	95
		Salceda de Caselas	95
		Soutomaior	98
		Tomiño	99
		Vilagarcía de Arousa	99
		<i>Entidade Local Menor de Bembrive-Vigo</i>	103
		ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA	
		Juzgados de lo Social	
		De Pontevedra	105
		De Vigo	111
		De Ferrol	123
		De Logroño	124
		SECCIÓN NO OFICIAL	
		Notas - Anuncio	124
		OTRAS ENTIDADES	
		Edicto Notarial	125

ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL

DIRECCIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Oficina de Prestaciones de Pontevedra

Por esta Oficina de Prestaciones de Pontevedra, domiciliada en C/ Eduardo Pondal, 64, se han dictado resoluciones de reintegro de prestaciones por desempleo indebidamente percibidas, tras los intentos de notificación sin que haya podido practicarse, por lo que el expediente de deuda que se cita en la relación anexa, estará a disposición del interesado durante 10 días en la dirección antes mencionada, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 61 de la Ley 30/92, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

De conformidad con lo establecido en el artículo 59 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, se le notifica por medio de la presente, y se advierte que de conformidad con lo establecido en el número 2 del artículo 33 del Real Decreto 625/85, de 2 de abril, dispone de un plazo de treinta días contados a partir de la fecha de la presente publicación para reintegrar dicha cantidad indebidamente percibida en la cuenta número: 0049 5103 71 2516550943 del Banco Santander Central Hispano, a nombre de este Organismo, debiendo devolver copia del justificante de ingreso en su Oficina de Prestaciones.

También podrá solicitar el pago aplazado o fraccionado de la cantidad reclamada, cuya concesión conllevará el correspondiente devengo del interés legal del dinero establecido anualmente en la Ley de Presupuestos Generales del Estado.

En el supuesto de que no realizase el reintegro y fuese en algún momento beneficiario de prestaciones, se procederá a realizar su compensación con la prestación, según se establece en el artículo 34 del Real Decreto 625/85, de 2 de abril.

Si el reintegro, la compensación o la solicitud de fraccionamiento o aplazamiento se realizase con posterioridad a la finalización del plazo reglamentario de pago voluntario, la cantidad adeudada se incrementará, de acuerdo con lo establecido en el artículo 27.2 del Texto Refundido de la Ley General de la Seguridad Social, con un recargo del 20% a partir del primer mes posterior al periodo de pago reglamentario.

Transcurrido el plazo reglamentario de pago voluntario sin que se haya producido el reintegro ni se haya compensado la deuda, se emitirá la correspondiente certificación de descubierto por la que se iniciará la vía de apremio, según lo dispuesto en el art. 33.2 del Real Decreto 625/85, de 2 de abril.

Contra esta resolución, conforme a lo previsto en el artículo 71 de la Ley 36/2011 de 10 de Octubre, reguladora de la Jurisdicción Social (BOE de 11 de Octubre de 2011), podrá interponer, ante esta Dirección Provincial, reclamación previa a la vía jurisdiccional social dentro del plazo de 30 días hábiles siguientes a la fecha de publicación de la presente resolución.

RELACIÓN DE RESOLUCIONES DE COBROS INDEBIDOS DE PRESTACIONES POR DESEMPLEO:

	<u>APELLIDOS Y NOMBRE</u>	<u>D.N.I./ N.I.E.</u>
Oficina de Prestaciones de Pontevedra	REGO TABOADA MARTA MARIA	35324731C

En Pontevedra a, 09 de abril de 2014. — La Directora Provincial, por delegación de firma, la Directora Oficina de Prestaciones, Teresa Fondevila Lojo.

2014003173

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

XFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

Resolución do 17 de marzo de 2014 da Xefatura Territorial de Pontevedra pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen no concello de O PORRIÑO (expediente IN407A 2013/190-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se describen:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA.
- Enderezo Social: TRAVESÍA DE VIGO 204, 36207 VIGO.
- Denominación: RETRANQUEO LMT GÁNDARA CENSA.
- Situación: O PORRIÑO.
- Descricións Técnicas: LMT SUBTERRÁNEA A 15 KV CON CONDUCTOR TIPO RHZ1 DE 287 METROS DE LONXITUDE, CON ORIXE NO CT 36CCV8 POLÍGONO A GRANXA E FINAL NO PASO AÉREO SUBTERRÁNEO PROXECTADO NO APOIO Nº 1 DA SAÍDA ATI701.— RETENSADO DO VAN AÉREO CONTIGUO AO APOIO Nº1.—A INSTALACIÓN ESTÁ SITUADA EN AS GÁNDARAS, O PORRIÑO.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Capítulo II, Título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta xefatura territorial

R E S O L V E :

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación, e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co art. 131 del R. D. 1955/2000, será de 12 meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o petionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67 del 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Pontevedra, 17 de marzo de 2014.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.

2014003236

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO

A N U N C I O

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 14 de marzo de 2014 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle a José González Alonso unha concesión de 1.117 m³ anuais de auga procedente de dous mananciais situados no lugar de Lebozán, na parroquia de Lebozán (Santiago), no concello de Lalín (Pontevedra), con destino a rega de parcela.



Número Expte.: DH.A36.15945

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2014.—A xefa do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, María Luísa Boquete Pumar. **2014002500**

ZONA HIDROGRÁFICA GALICIA SUR

INFORMACIÓN PÚBLICA

A N U N C I O

Dona M^a Isabel Sánchez Varela, con DNI 35985464D e enderezo Padre Don Rúa 17, 5G, solicita de Augas de Galicia a autorización de obras no lugar e parroquia de Bembrive, Concello de Vigo (Pontevedra). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W36.44677.

As obras solicitadas consisten en traballos de rehabilitación, adición e mellora enerxética en vivenda unifamiliar existente cunha superficie construída de 261 m² en zona de policía e a unha distancia mínima de 6,95 m do leito dun regato innominado, e máis demolición retranqueo e construción de peche de finca por fora da zona de servidume, en parcela de referencia catastral 5337113NG2753N0001MG sita na estrada de Bembrive, 7, na parroquia de Bembrive, Concello de Vigo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Vigo ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ San Salvador, 2-4°, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 20 de marzo de 2014.—O xefe da Área de Autorizacións e Concesións, Alberto Bosquet Herreros.

2014003169

ADMINISTRACIÓN LOCAL DEPUTACIÓN PROVINCIAL

ANUNCIO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA RELATIVO Á CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE BALNEARIOS “SAÚDE E BENESTAR” 2014.

A Xunta de Goberno, na sesión do 04 de abril de 2014, aprobou o expediente de contratación do dito anuncio, coas seguintes especificacións:

1 ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Deputación Provincial de Pontevedra
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- c) Obtención de documentación e información:
 1. Dependencia: Servizo de Contratación
 2. Enderezo: Avenida de Montero Ríos s/n
 3. Localidade e código postal: Pontevedra. 36071
 4. Teléfono: +34 986 804 101
 5. Telefax: +34 986 804 126
 6. Correo electrónico: *contratacion@depo.es*
 7. Enderezo de Internet do perfil do contratante: *http://www.depontevedra.es*
- d) Número de expediente: 2014000905

2 OBXECTO DO CONTRATO

- a) Tipo: administrativo especial.
- b) Descrición: Programa de carácter social que ten como finalidade mellorar a calidade de vida das persoas, establecer novas relacións sociais e favorecer a participación en actividades que melloran o seu estado anímico en establecementos hostaleiros de tipo balnearios, spas ou talasos. Vai dirixido a persoas nadas antes de 1964, persoas xubiladas e pensionistas e persoas que, sen cumprir os requisitos anteriores, precisen dun respiro familiar (acreditado mediante informe do traballador social).
- c) Prazo de execución: desde a formalización do contrato ata o 31 de marzo de 2015.

3 TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedemento: aberto
- c) División en lotes: non
- d) Criterios de adxudicación.

Criterios non avaliados mediante fórmulas (sobre B)

Os criterios non avaliados mediante fórmulas contarán cun máximo de 49 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

- Deseño do programa, ata un máximo de 15 puntos
- Xestión do programa, ata un máximo de 15 puntos
- Promoción e difusión do programa, ata un máximo de 5 puntos
- Coordinación, seguimento e avaliación do programa, ata un máximo de 5 puntos
- Outras melloras, ata un máximo de 5 puntos
- Características e melloras dos seguros ofertados, ata un máximo de 4 puntos

Criterios avaliados mediante fórmulas (sobre C)

Os criterios avaliados mediante fórmulas contarán cun máximo de 51 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

- Prezo unitario por beneficiario, ata un máximo de 31 puntos
- Hotel ofertado a maiores dos cinco obrigatorios, ata un máximo de 20 puntos.

4 ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN

O orzamento de licitación unitario por participante é de 300,00€ (IVE incluído).

O número de prazas ofertadas establécese nun máximo de 3.000 persoas.

5 GARANTÍAS

- a) Provisional: Non se esixe.
- b) Definitiva: 3.719,01€
- c) Prazo de garantía mínimo: Non se esixe

6 REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA

- a) Clasificación: Non se esixe.
- b) Solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional: Os requisitos específicos do contratista en canto á solvencia económica e financeira, así como á solvencia técnica e profesional, indícanse no prego de cláusulas económico-administrativas.
- c) Outros requisitos específicos: Indícanse nos pregos de cláusulas económico-administrativas.

7 PRESENTACIÓN DAS OFERTAS OU DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- a) Data límite de presentación: 15 días naturais contando desde o día seguinte o da publicación do anuncio non Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- b) Modalidade de presentación: A sinalada nos prego de condicións.
- c) Lugar de presentación:
 - 1) Dependencia: Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (sedes de Pontevedra e Vigo).
 - 2) Domicilio: Avenida de Montero Ríos s/n (Pontevedra) e rúa O Porto, 3 (Vigo)
 - 3) Localidade e código postal: Pontevedra, 36071 e Vigo, 36201.
- d) Admisión de variantes: non se admiten.
- e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: Dous meses desde o acto de apertura das proposicións económicas.

8 APERTURA DE OFERTAS

- a) Descrición: Pazo da Deputación de Pontevedra.
- b) Enderezo: Avenida de Montero Ríos s/n.
- c) Localidade: Pontevedra, 36071.
- d) Data: A apertura da documentación correspondente á valoración de criterios non avaliábles mediante fórmulas (sobre B) realizarase o quinto día hábil seguinte o día en que finalice o prazo sinalado para a presentación das proposicións.
- e) Hora: 10.00 h (sobre B)

9 GASTOS DE PUBLICIDADE

Serán por conta da empresa adxudicataria.

10 OUTRAS INFORMACIÓNS

As especificadas no prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas.

Pontevedra, 08 de abril de 2014. — A Deputada delegada, ilexible. — O Secretario, ilexible. **2014003282**

AYUNTAMIENTOS**PONTEVEDRA****E D I C T O**

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES SUXEITOS A TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDO POR OCUPACIÓNS DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓNS E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA, (POSTOS NO RECINTO DE ROSALÍA DE CASTRO E ESTRIBELA), DO PERÍODO IMPOSITIVO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014,

Lugar: Servizo de Inmóbles (Campo do Boi núm. 4, esquina a Jofre de Tenorio núm. 5)

Horario: de luns a venres, de 9:00 a 13.30 horas

Prazo: Ata o 16 de xuño de 2014.

Exponse ao público ata o 16 de xuño de 2014 o Padrón de contribuíntes suxeitos a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído por ocupacións de terreos de uso público

con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, (postos no recinto de Rosalía de Castro e Estribela), do período impositivo correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2014 aprobado, en data 07/04/2014 por Resolución da adxunta ao Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria.

Contra o precedente acto, que non pon fin á vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñerse:

1º) Ou ben, o recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

2º) Ou ben, directamente reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

No primeiro caso, se deberá notificar a resolución no prazo dun mes, conforme co establecido no artigo 14.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo entón os interesados interpoñer reclamación económica-administrativa no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da desestimación presunta, consonte ao establecido no artigo 235 da Lei xeral tributaria e 20 do Regulamento orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Pontevedra.

No segundo caso, se deberá notificar a resolución no prazo dun ano (seis meses no caso de ser procedemento abreviado), entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo o interesado presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da desestimación presunta, de conformidade ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa.

NOTA INFORMATIVA

Normas de procedemento para o ingreso dos tributos municipais de cobro periódico por recibo do Excmo. Concello de Pontevedra:

1.—O Concello remitirá aos domicilios fiscais dos contribuíntes un aviso de pagamento co que se deberá efectualo ingreso en calquera das oficinas das entidades de depósito autorizadas para a prestación do servizo de colaboración na xestión recadadora municipal (a práctica totalidade das mesmas), ata a data límite de ingreso que se sinala naquel, no horario de caixa establecido por cada entidade para o pagamento dos recibos non domiciliados.

Unha vez efectuado o ingreso polo importe total que se ten que pagar, o exemplar para o interesado seralle devolto a este, o cal, debidamente dilixenciado, constituirá o xustificante de pago para tódolos efectos.

2.—A non recepción ou calquera outro erro nos datos consignados no documento cobratorio non exime da obriga de pagamento (art. 102 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria). Os contribuíntes que, trinta días antes do remate do período voluntario de ingreso, non recibisen ou extraviasen o xogo de impresos correspondente, disporán ata o último día do prazo citado para solicitar un duplicado nas dependencias municipais de recadación. Para a súa comodidade, acuda con antelación suficiente a solicitar o duplicado, evitando deste xeito a formación de colas e aglomeracións os derradeiros días do período voluntario.

3.—Os contribuíntes que domiciliasen o pagamento dos seus tributos cargarállese en conta o importe correspondente de acordo coas súas indicacións.

PERÍODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN

Por resolución da adxunta ao Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria de data 07/04/2014 sinálase o período voluntario de recadación e a data de cargo en conta dos recibos domiciliados en entidades de depósito dos tributos seguintes:

I. PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES SUXEITOS A TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDO POR OCUPACIÓNS DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓNS E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA, (POSTOS NO RECINTO DE ROSALÍA DE CASTRO E ESTRIBELA), CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014.

II. PERÍODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN: DO 15 DE ABRIL DE 2014 AO 16 DE XUÑO DE 2014.

III. DATA DE CARGO EN CONTA DOS RECIBOS DOMICILIADOS: 16 DE MAIO DE 2014.

FORMA DE PAGAMENTO

En calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras na recadación municipal, empregando o instrumento de cobro enviado ao domicilio fiscal dos contribuíntes para tal fin:

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, BANCO CAIXA GERAL, BANCO DE CAJA ESPAÑA DE INVERSIONES SALAMANCA Y SORIA SAU, BANCO ESPIRITO SANTO, BANCO ETCHEVERRIA, BANCO GALLEGO, BANCO PASTOR, BANCO POPULAR ESPAÑOL, BANCO SABADELL ATLANTICO, BANCO SANTANDER, BANKIA, BARCLAYS BANK, CAIXABANK SA "LA CAIXA", CATALUNYA CAIXA, NOVAGALICIA BANCO.

ADVERTENCIA.—Rematado o período voluntario de ingreso, os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 da Lei xeral tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.(R.D. 939/2005,de 29 de xullo).

DOMICILIACIÓN.—Aconsellámoslle que, para a súa comodidade, domicilie o pagamento dos seus tributos de algunha dos seguintes xeitos:

- a) na súa entidade financeira, se é algunha da xa mencionadas, no momento de pagar o recibo, e cubrindo a orde de domiciliación que se achega co impreso de pagamento.
- b) ou, cubrindo o modelo 800 do Concello de Pontevedra, de domiciliación bancaria e presentándoo no rexistro xeral daquel.

Pontevedra, 07 de abril de 2014.—A adxunta ao OTXT, Aurora Santiago Boubeta.

2014003316

ASUNTO: OPERACIÓN DE PRÉSTAMO PARA O EXERCICIO 2014

O Alcalde, por decreto de 24 de marzo de 2014, acordou a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación da operación de préstamo, por importe de 2.950.000,00€, destinada ao financiamento de diversas finalidades incluídas no Anexo de Investimentos do Orzamento Xeral para o exercicio de 2014; de acordo coas seguintes condicións financeiras:

- Importe máximo: 2.950.000,00 €. Este importe se configura como importe máximo da operación. Non obstante poderán realizarse adxudicacións parciais de acordo cos seguintes tramos:

450.000,00 €

950.000,00 €

1.950.000,00 €

2.950.000,00 €

A tal efecto as Entidades Financeiras poderán realizar ofertas á totalidade ou a todos ou parte dos tramos sinalados, ofertando condicións diferenciadas para cada un deles de acordo co modelo de proposición adxunto no anexo I. A adxudicación poderá realizarse a varias entidades dentro destes tramos tal como se detalla na cláusula 20ª.

- Tipo de operación: Préstamo a longo prazo.
- Prazo de operación: 12 anos (incluídos 2 de carencia).

- Período de carencia: 2 anos.
- Prazo de amortización: 10 anos, coincidentes coa vida do préstamo.
- Períodos de amortización: Trimestres naturais vencidos.
- Liquidación de intereses: Trimestres naturais vencidos.
- Cota: Trimestral, comprensiva de amortización de capital e intereses.
- Tipos de interese: Tipo variable: Referenciado a EURIBOR 3 meses+ diferencial. Non obstante a oferta poderá recoller a alternativa de que a revisión se efectúe sobre o EURIBOR 6 ou 12 meses, segundo decisión do Concello de Pontevedra.

O citado Prego poderá ser consultado nas oficinas de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade.

As ofertas poderán ser presentadas, en virtude do establecido na cláusula 14ª do Prego, durante o prazo de quince días naturais, contados a partires do día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

Pontevedra, 8 de abril de 2014.—O Concelleiro Delegado da Área de Facenda e Medio Ambiente, Raimundo González Carballo. 2014003296

* * *

V I G O

E D I C T O

Notificación de resolucións e requirimentos de presentación de informes tramitados polo Servizo de Inspección Técnica de Edificacións (ITE) da Xerencia Municipal de Urbanismo.

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, fanse públicas as seguintes notificacións de resolucións e requirimentos de presentación de informes que a continuación se relacionan, por non terse podido practicar no último enderezo coñecido das persoas interesadas.

As persoas abaixo indicadas dispoñen dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP da Provincia de Pontevedra para ser notificadas do texto íntegro das ditas resolucións na Oficina da ITE da Xerencia Municipal de Urbanismo (Praza do Rei, s/n –Vigo). Transcorrido o dito prazo, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais.

EXPTE.	INTERESADO/A	CONTIDO	SITUACIÓN	CONCELLO ÚLTIMO ENDEREZO
INFORMES DE ITE				
4263/432	Promociones Bosque Alto, SL	Resolución de declaración provisional de caducidade	Levante, 20	Ourense
4264/432	Promociones Bosque Alto, SL	Resolución de declaración provisional de caducidade	Levante, 22	Ourense
8430/432	Victoria Pérez Ozores	Resolución desestimatoria de solicitude de prórroga e de alegacións		Trav. Escolas Públicas, 10
Vigo				
8904/432	José Luis Vila Lorenzo	Resolución de solicitude de prórroga	Cm. Cerdeiras, 33 - Bembrive	Vigo
21777/432	Camilo Rodríguez González			
Gulías de Carballiño, CB				
28501/432	José Sánchez Vázquez	Resolución de solicitude de prórroga	Trav. de Vigo, 8	Vigo
		Resolución de solicitude de prórroga	Conde Torrecedeira, 1-3-5-7-9-11 Llorente, 26-28	Vigo
REQUIRIMENTOS DE PRESENTACIÓN DE INFORME				
13023/432	Óscar Pablos Argibay	Resolución de arquivo de expediente	Navarra, 45	Vigo
13455/432	Mª Victoria Lago Fernández	Requirimento de informe – ano 2008	Avda. Ramón Nieto, 369	Redondela
23751/432	Hros. de Federico García Costas	Requirimento de informe – ano 2010	Cm. Revolta Interior, 1 - Matamá	Vigo
28226/432	Armando Armada Villar	Resolución de solicitude de prórroga	Cm. Soutelan, 8	Vigo
29121/432	Hros. de Juan González Táboas	Requirimento de informe – ano 2011	Cm. Raviso, 36	Vigo
30031/432	Hros. de Francisco Costas Comesaña	Requirimento de informe – ano 2011	San Paio, 258	Vigo
30424/432	Hros. de Benigno Calvar Fernández	Requirimento de informe – ano 2011	Cm. Monte, 6 - Lavadores	Vigo
31226/432	María Ascensión Janeiro Villar	Requirimento de informe – ano 2007	Gran Vía, 168 I	Vigo
31272/432	María Noemí León Escudero	Requirimento de informe – ano 2011	Cantabria, 182	Vigo
31272/432	Ousmane Diaw N Diaye	Requirimento de informe – ano 2011	Cantabria, 182	Vigo
31399/432	Mª Mercedes González Santacreu	Requirimento de informe – ano 2013	Cm. Ameixeira, 28	Vigo
31415/432	Mª Carmen Fabeiro García	Requirimento de informe – ano 2013	Cm. Cal do Outeiro, 7	Vigo
31418/432	José Camilo Fernández Durán	Requirimento de informe – ano 2013	Canido, 187	Vigo
31430/432	María Gloria Mariño Jiménez	Requirimento de informe – ano 2013	Cm. Cocho, 6 - Cabral	Vigo

EXPTE.	INTERESADO/A	CONTIDO	SITUACIÓN	CONCELLO ÚLTIMO ENDEREZO
31438/432	Comeledo, SL	Requirimento de informe – ano 2013	As Coutadas, 93 A - Teis	Vigo
31452/432	Vicente Raña Cerdeira	Requirimento de informe – ano 2013	Cm. Fonte, 5 - Lavadores	Vigo
31465/432	Darío Domínguez Deaño	Requirimento de informe – ano 2013	Manuel de Castro, 24	Vigo
31469/432	Pablo Estévez Prieto	Requirimento de informe – ano 2013	Naia, 180	Vigo
31473/432	María Concepción Lago Iglesias	Requirimento de informe – ano 2013	Cm. Oia, 50	Vigo
31483/432	Domingo Amoedo Amoedo	Requirimento de informe – ano 2013	Puerto Rico, 15	Vigo
31490/432	Eugenio González Montes	Requirimento de informe – ano 2013	Roade, 38	Vigo
SANCIONADORES				
6594/428	Pindecarr, SL	Resolución definitiva de procedemento	Estrada Camposancos, 50	Vigo
6605/428	Seafood Productos, SL	Resolución definitiva de procedemento	Martín Alonso Pinzón, 5	Vigo
6631/428	Antonio Reinaldo Otero	Resolución definitiva de procedemento	Avda. Balaidos, 55	Vigo
6640/428	Martín Pardo López	Resolución definitiva de procedemento	Avda. Castrelos, 138	Vigo
6707/428	Jesús Vázquez Cid	Resolución definitiva de procedemento	Bx. Igrexa, 5	Vigo
6718/428	Armando Fernández Peres	Resolución de caducidade e arquivo	Barcelona, 8	Vigo
6834/428	Rafael Álvarez Martínez	Resolución definitiva de procedemento	Avda. Guixar, 7	Vigo
6841/428	M ^o Cristina Rodríguez Vázquez	Resolución definitiva de procedemento	Cm. Mideiros, 13	Vigo
6981/428	Rosa María González Cayetano	Resolución de arquivo	Cm. Outeiro, 28 - Matamá	Vigo
6988/428	Gumersinda López Otero	Resolución definitiva de procedemento	Estrada Camposancos, 396	Vigo
7026/428	Rosa Fernández Abalde	Resolución definitiva de procedemento	Parrocha, 27 – Bembrive	Vigo
7287/428	José Luis Alejo Álvarez Fernández	Resolución de inicio de procedemento	Avda. Samil, 67	Vigo
7736/428	Mercedes Comesaña González	Resolución desestimatoria de alegacións	Cm. Igrexa, 88 – Valadares	Vigo
8358/428	Eugenio Alonso Valverde	Resolución de arquivo	Cm. Fontes, 15 – Alcabre	Vigo
10071/428	Luis Manuel Araujo Rodríguez	Resolución de arquivo	Zaragoza, 54	Vigo
10094/428	Ángel Terrazo Durán	Resolución de inicio de procedemento	Troncoso, 28	Vigo
10096/428	Hros. de José González Ferreira	Resolución de inicio de procedemento	Cm. Monte da Serra, 36 - Castrelos	Vigo
10097/428	Ruth Martínez Taboada	Resolución de inicio de procedemento	Cm. Abade, 66 - Coruxo	Vigo
10098/428	Hermanos Alvarado Sampayo, SL	Resolución de inicio de procedemento	Severino Cobas, 51	Vigo
10101/428	Amparo Carrera Graña	Resolución de inicio de procedemento	Bx. Ría, 2 - Lavadores	Vigo
10102/428	Marie Luise Isolde Gudrum	Resolución de inicio de procedemento	Cm. Trapa de Arriba, 32	Vigo
10105/428	Hros. de Rafael García Alonso	Resolución de inicio de procedemento	Manuel Costas Bastos, 69	Vigo
10106/428	Fernando Parada Fernández	Resolución de inicio de procedemento	Manuel Costas Bastos, 9	Vigo
DEBER DE PRESENTACIÓN DE INFORME				
6544/428	Armando Armada Villar	Resolución de solicitude de prórroga	Cm. Soutelan, 8	Vigo

Vigo, 1 de abril de 2014. — A vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, María del Carmen Silva Rego. **2014003073**

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2014, entre outros asuntos adoptou o acordo de facultar á concelleira delegada de Igualdade para a concesión de axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero por un importe total máximo de 10.000,00 euros (dez mil euros) con cargo á partida 2311 4800000 do orzamento vixente da concellería de Igualdade.

Vigo, 27 de marzo de 2014. — O Alcalde, Abel Caballero Álvarez. **2014003104**

EXACCIÓNS MUNICIPAIS PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRANZA

Por resolución da concelleira delegada de economía e facenda do Concello de Vigo de data 31 de marzo do 2014, sinálase o período voluntario de cobranza do:

IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014

Período de cobranza: Do 2 de abril de 2014 ao 5 de xuño do 2014, ambos os dous incluídos.

Forma de pagamento: Os/as contribuíntes que reciban no seu domicilio fiscal un aviso de pagamento para tal fin, poderán efectuar o ingreso por algún dos seguintes medios:

- A través de internet, mediante tarxeta de crédito ou débito, dende a páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), pulsando na pestana “trámites mais comúns”, opción “pagamento de recibos”. Este servicio será totalmente gratuito para os usuarios, calquera que sexa a entidade financeira emisora da tarxeta coa que se efectúa o aboamento.
- Nos caixeiros automáticos das entidades financeiras colaboradoras na recadación municipal que teñan habilitada esta opción.
- En calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras na recadación:

NOVAGALICIA BANCO	LA CAIXA
BANKIA (CAJA MADRID)	BBVA
BARCLAYS BANK	BANCO PASTOR
CAJA ESPAÑA	BANCO CAIXA GERAL
CATALUNYA CAIXA	BANCO ETCHEVARRÍA
BANCO SABADELL-ATLÁNTICO	IBERCAJA
BANCO DE SANTANDER	CITIBANK
BANESTO	BANCO ESPIRITO SANTO
BANCO GALLEGO	BANCO ZARAGOZANO
BANCO POPULAR	

As/os contribuíntes que por calquera causa deixen de recibir o documento de pagamento poderán obter un duplicado a través de internet, dende a páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), pulsando na pestana “trámites mais comúns”, opción “impresión de recibos”, ou ben en calquera oficina das entidades LA CAIXA, NOVAGALICIA BANCO,

Rematado o período voluntario, a recadación efectuarase polo procedemento de constrinximento sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento (artigo 161 LXT).

Vigo, 31 de marzo de 2014.—A Concelleira Delegada de Economía e Facenda, Raquel Díaz Vázquez.

DECRETO

Conforme co establecido no artigo 36 de Ordenanza fiscal xeral, aprobada por acordo do Pleno do día 25 de decembro de 1995 publicado no BOP 11 de decembro de 2009, e no uso das atribucións que me confiren, resolvo sinalar o período de cobranza voluntaria para o padrón do imposto de vehículos de tracción mecánica do ano 2014 dende o 2 de abril o 5 de xuño do ano 2014.

Vigo, 31 de marzo de 2014.—A Concelleira Delegada de Economía e Facenda, Raquel Díaz Vázquez.—
O Secretario da Admón. Municipal, Manuel Xosé Lorenzo Penelas.

RECADACIÓN

NOTA INFORMATIVA

Normas de procedemento para o ingreso dos tributos municipais de cobro periódico e notificación colectiva do Concello de Vigo no presente exercicio:

1º.—O Concello remitirá aos domicilios fiscais dos contribuíntes un aviso de pagamento co que se poderá facer o ingreso en calquera entidade de depósito colaboradora na recadación municipal (a práctica totalidade das mesmas), na oficina da entidade de depósito sita no interior da Casa Consistorial, ou ben nos caixeiros automáticos das entidades financeiras colaboradoras na recadación municipal que teñan habilitada esta opción, ata a data límite de ingreso que se sinala naquel, no horario de caixa establecido por cada entidade para o pagamento dos recibos non domiciliados.

2º.—O ingreso tamén poderá efectuarse a través de INTERNET, mediante tarxeta de crédito ou débito, dende a páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), pulsando na pestana “trámites mais comúns”, opción “pagamento de recibos”. Este servizo será totalmente gratuíto para os usuarios, calquera que sexa a entidade financeira emisora da tarxeta coa que se efectúa o aboamento.

3º.—As/os contribuíntes que teñan domiciliado o tributo non recibirán o documento de pagamento, cargándoseles na conta indicada o importe correspondente o último día do período voluntario. As devolucións que se produzan causarán baixa automaticamente no ficheiro xeral de domiciliacións do Concello para exercicios sucesivos.

4º.—As/os contribuíntes que tiveran os seus tributos domiciliados e aínda así reciban nos seus domicilios o documento de pagamento, será porque a domiciliación é incorrecta. Deberán entregar o xogo de documentos na entidade bancaria que o tratará como un cobro de ventá sen prexuízo de que, unha vez asinada a autorización, sexa informatizada a citada domiciliación para exercicios posteriores.

5º.—As/os contribuíntes que por calquera causa deixen de recibir o documento de pagamento poderán obter un duplicado a través de internet, dende a páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), pulsando na pestana “trámites mais comúns”, opción “impresión de recibos”, ou ben en calquera oficina das entidades LA CAIXA ou NOVAGALICIA BANCO.

Vigo, 31 de marzo de 2014.—A Concelleira Delegada de Economía e Facenda, Raquel Díaz Vázquez.—
O Tesoureiro, Alberto Escariz Couso. **2014003264**

CONTRATAÇÃO DO SERVIZO DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

1. *Entidade que adxudica:* organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Patrimonio. Nº expediente: 250-242.

2. *Obxecto do contrato:* descrición: prestación do servizo de seguro de responsabilidade civil patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: dous anos máis dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

3. *Tramitación e procedemento.*

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. *Presuposto base:* 888.660.—euros.

5. *Garantías provisionais:* non se esixe.

6. *Obtención da documentación e información:* www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148 Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. *Requisitos específicos do contratista:* Clasificación: non se esixe.

8. *Presentación de Ofertas:* Prazo: o prazo rematará o día 16 de maio de 2014.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. *Apertura Ofertas técnica e conómica:* entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. *Outras informacións:*

11. *Páxina web para obtención de información:* www.vigo.org

Vigo, 1 de abril de 2014.—A concelleira delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez. **2014003283**

* * *

ARBO

A N U N C I O

Visto o expediente tramitado sobre baixa por inclusión Indevida no Padrón Municipal de Habitantes xa que, figurando inscritos no Municipio de Arbo, en realidade non residen nel, incumprindo os requisitos establecidos no artigo 54 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais de 11 de xullo de 1986, modificado polo Real Decreto 2612/1996 de 20 de Decembro, e intentada a notificación de conformidade co artigo 59 de Lei 30/92, do 26 de novembro, LRJAP – PAC; ábrese un prazo de quince días contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e publicarase no taboleiro de anuncios deste Concello de Arbo, para que os interesados presenten ante esta Alcaldía as alegacións que consideren pertinentes respecto a súa situación no padrón de habitantes, facéndolle saber que, rematado o devandito prazo, entenderase que renuncian a figurar empadroados/as neste concello e continuarase cos trámites relativos á baixa de oficio das seguintes persoas:

Nome e Apelidos	Enderezo
Americo Alexandre Neves Moreira	Couto, 7 – Barcela
Nuno Miguel Ferreira Gonçalves	Couto, 7 – Barcela
M ^a Elena Estévez dos Santos	Viveiro, 6 – Mourentan
Patricia Estévez Brandón	Viveiro, 6 – Mourentan

Arbo, 26 de marzo de 2014.—O Alcalde, Xavier Simón Fernández.

2014003028

* * *

CALDAS DE REIS

A N U N C I O

O Pleno deste Concello, na súa sesión ordinaria do 28/03/2014, adoptou acordo de aprobación provisional do expediente para a modificación das regras de aplicación do cadro de tarifas da “Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizo de casas de baño, duchas, piscina, instalacións e outros servizos análogos” no que atinxe ao apartado “Abonos familiares”

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o acordo queda exposto no taboleiro de anuncios para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen

oportunas dentro do prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte a esta publicación no “Boletín Oficial” da Provincia. De non se presentar reclamacións neste prazo, entenderase definitivamente aprobado o devandito acordo.

Caldas de Reis a 31 de Marzo de 2014.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey.

2014003100

A N U N C I O

De conformidade co disposto na Resolución de Alcaldía de data 26 de MARZO de 2014, fanse públicas as “BASES QUE REXERÁN A TRADICIONAL FESTA DOS MAIOS DE CALDAS DE REIS A CELEBRAR O 1 DE MAIO”:

BASES FESTA DOS MAIOS

O Concello de Caldas de Reis, co fin de preservar o patrimonio cultural e fomentar o interese polas actividades culturais tradicionais, establece as bases que rexerán a tradicional “FESTA DOS MAIOS”:

- 1.— A Festa dos Maios celebrarase o día 1 de maio ás 12 horas, na Praza das Palmeiras de Caldas.
- 2.— Poderán participar tódalas asociacións culturais, colexios, grupos, colectivos veciñais, entidades e persoas que o desexen.
- 3.— Por cada maio haberá un mínimo de catro participantes, sin límite de idade, que interpretarán unha copla orixinal con temática libre, quedando excluídas as letras de carácter ofensivo contra a dignidade das persoas.
- 4.— Para participar no concurso, presentarase no lugar un maio elaborado cunha estrutura de madeira, e engalanado con materiais tradicionais: sacos de esparto, musgo, arpilleira, xestas, flores silvestres, ovos, fiuncho, froitas, etc.
- 5.— Os maios e os participantes deberán estar expostos no lugar do concurso trinta minutos antes da hora de comenzo, alí deberán cubrir unha ficha de inscrición na que constará o nome do maio, o nome dos participantes, e no caso de que tódolos participantes sexan menores de idade, terán que presentar o nome e DNI dun representante maior de idade. Así mesmo, deberán presentar ó xurado cinco copias da letra das coplas que van interpretar.
- 6.— No apartado de coplas, o xurado terá en conta a retranca, o inxenio e o ritmo, e serán penalizadas as copias de coplas de anos anteriores.
- 7.— No apartado de interpretación terase en conta o vestiario, a posta en escea, a sincronización e a afinación das voces, así como o acompañamento con paus, pandeiros, etc., e o uso de prendas que estean de acordo con modelo tradicional.
- 8.— O xurado estará presidido pola Concelleira de Cultura do Concello, e estará integrado por un número total de membros entre tres e cinco, nomeados entre representantes das asociacións e entidades representantes da vila.
- 9.— Establécense tres premios de 100 euros cada un deles:
 - Mellor maio engalanado
 - Mellor copla
 - Mellor interpretación
- 10.— O xurado pode declarar deserto algún dos premios ou outorgar máis dun premio ao mesmo maio. Así mesmo calquera dúbida na interpretación destas bases será resolta polo xurado durante o acto, sendo a súa decisión inapelable.
- 11.— Tódolos maios participantes que non acaden algún dos premios do apartado 5, recibirán un premio por participar de 30 euros. Si o número de maios participantes e non premiados conforme a Base 9 fose superior a dez, o importe do premio por participación será o resultante de dividir 300 € entre o número de participantes.

- 12.— O día do concurso entregárase un xustificante do premio, que terá que ser remitido totalmente cuberto ao Concello, para proceder ao pago mediante transferencia bancaria. O nome do responsable deberá coincidir cos datos dun dos titulares da conta bancaria. A entrega dos xustificantes dos premios no Concello, deberá facerse antes de 30 días naturais, contados a partir do día do concurso. De non cumprir este prazo, entenderase a renuncia a dito premio.
- 13.— Ó remate do concurso, os participantes deberán retirar o maio e, en caso de non facelo, procederase á correspondente sanción.
- 14.— Para darlle un realce maior a esta festa, e como se facía tradicionalmente, anímase a tódolos grupos para que expoñan os maios e canten as súas coplas nas prazas, e fagan o percorrido polas rúas de Caldas.
- 15.— A participación neste concurso leva implícita a aceptación das presentes bases
- En Caldas de Reis, a 26 de marzo de 2014.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey. 2014003017

* * *

CANGAS

A N U N C I O

De conformidade co disposto nos artigos 59.4 e 61 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, efectúase anuncio das resolucións recaídas nos expedientes de RLU, e sancionadores, ditados por esta Alcaldía relativas ás persoas ou entidades que se relacionan a continuación, xa que téndose intentado a notificación no último enderezo coñecido, esta non se puido realizar. Os interesados poderán comparecer no Negociado de Urbanismo deste Concello dentro dos dez días seguintes ó da publicación deste anuncio para coñecemento do contido integro da mencionada Resolución e constancia de tal coñecemento.

Transcorrido o dito prazo sen que fixera uso deste dereito, é de se-lo caso, continuarase coa tramitación do expediente.

<i>Expte.</i>	<i>Interesado Enderezo Coñecido</i>	<i>Obra</i>	<i>Lugar</i>
19/2013	Roberto Pena Queimaño Ozamiz, 45 -4º D-Cangas	Colocacion de portal e postes de formigon	Miranda-Coiro
15/2013	Hortensio Diaz Becerra Illa de Man, 6 -2º I -LUGO	Muro de contención	Menduiña-Aldan

Cangas, 25 de marzo 2014.—O Alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar.

2014003027

* * *

CERDEDO

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Cerdedo na sesión ordinaria do 5 de decembro de 2013, aprobou inicialmente a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE CERDEDO (PONTEVEDRA)

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de Réxime local, o acordo inicial exporase ó público no taboleiro de anuncios do Concello, estando os expedientes a disposición dos interesados na Secretaría do Concello durante trinta días, para que poidan presentar no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas. O prazo de trinta días comenzará a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia.

No caso de que non se presentaran reclamacións no prazo indicado, entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario.

Cerdedo, 7 de abril de 2014. — O Alcalde, Silvestre José Balseiros Guinarte.

2014003317

* * *

CUNTIS

E D I C T O

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público, mediante a publicación do presente anuncio no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e no BOP, a notificación do expediente que se indica, xa que intentada no último domicilio coñecido da persoa destinataria non foi posible practicala.

A persoa interesada poderá comparecer nas oficinas municipais no prazo de 15 días para coñecer o contido íntegro do acto obxecto da notificación e deixar constancia dela.

<i>Nome e apelidos</i>	<i>Último enderezo coñecido</i>	<i>Acto obxecto de notificación</i>
CLEMENTINO DUARTE GONÇALVES CUNHA	ERMIDA NÚM. 7 36679 CUNTIS	Prazo alegacións expediente comprobación de residencia
Cuntis, 26 de marzo de 2014. — O Alcalde, Antonio Pena Abal.		2014003109

* * *

A ESTRADA

A N U N C I O

Pola Xunta de Goberno Local do día 24 de marzo de 2014, foi adoptado o seguinte Acordo:

- Aprobar as Bases reguladoras para cubrir en réxime de interinidade a Praza de Administrativo de Administración Xeral do Departamento de Persoal, vacante no Cadro de Persoal, mentres o seu titular se atope na situación de servizos especiais.

BASES PARA CUBRIR EN RÉXIME DE INTERINIDADE (POR SUBSTITUCIÓN DO TITULAR) UNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO

PRIMEIRA.—OBXECTO DA CONVOCATORIA E SISTEMA DE SELECCIÓN

É obxecto da presente convocatoria cubrir en réxime de interinidade unha praza de Administrativo de Administración Xeral en substitución do seu titular, e durante o tempo en que éste se atope na situación de servizos especiais, polo procedemento de oposición libre.

SEGUNDA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1.—Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser español ou posuí-la nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados ós que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos dos artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

- c) Estar en posesión do Título de Bachillerato, FP II ou equivalente..
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

2.—Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuilos os aspirantes no día do remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ó menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino, no seu caso.

TERCEIRA.—SOLICITUDES.

1.—As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Excmo. Concello da Estrada. A instancia conterà, ó menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base Segunda da convocatoria, xuntando unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade e certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente), así como xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade a aboar serán 15,00 euros os cales serán pagados na Tesourería municipal ou a través do seguinte número de conta bancariodo BBVA ES17 0182 6246 3202 0036 0191; no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza). Non obstante no Rexistro Xeral do Concello facilitarase ós interesados un modelo de solicitude redactado segundo o Anexo II destas Bases.

2.—Segundo a ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos “Dereitos de exame” e “Compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Empleo ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma

3.—O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días, contados a partires do día seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

4.—A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello da Estrada ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso resulta aconsellable que os aspirantes comuniquen mediante telegrama durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

5.—Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

CUARTA.—ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

1.—Rematado o prazo dos vinte días fixado para a presentación de solicitudes a Alcaldía dictará Resolución relativa á aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello., tendo en conta a interinidade da contratación. No caso de non existir excluídos, a lista será considerada como definitiva.

2.—No caso de existir aspirantes excluídos, disporán dun prazo de tres días, contados a partires do seguinte ó da publicación do acordo, para poder subsanar ou enmendar, no seu caso, o defecto que dera motivo a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva, así mesmo, no Taboleiro de anuncios.

QUINTA. – TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal cualificador desta oposición estará integrado polos membros que de seguido se relacionan:

Presidente:

Titular: Dna. María Herminia Porto Valcárcel, Administrativo de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada.

Suplente: D. Luis Lozano Lorenzo, Técnico de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada.

Vogais:

Titular: Dna. M^a Josefa Martínez Barros, Administrativa de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada

Suplente: D. José Antonio Grandas Arias. Xefe do Servizo de Emerxencias.

Titular: Dna. Mónica Castro Pérez, Xefa de Servizo de Academia Galega de Seguridade Pública

Suplente: D. Ramiro Goldar Soto, Arquitecto Técnico do Excmo. Concello da Estrada

Titular: D. Ramón Brea Villaverde, Enxeñeiro Técnico Agrícola do Excmo. Concello da Estrada

Suplente: Dna. Mónica Neira Mato, Arquitecta do Excmo. Concello da Estrada.

Secretario:

Titular: Dna. María Jesusa Fernández Bascuas, Administrativo de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada

Suplente: D. Julio Fontaíña Couso, Tesoureriro do do Excmo. Concello da Estrada

Tódolos membros dos Tribunais deberán posuí-la titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo ó Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vocais titulares que non concorreran á sesión constitutiva e, no seu caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

SEXTA. – COMEZO DOS EXERCIZOS

1. – A data e hora na que deberá constituirse o Tribunal determinarase por Resolución da Alcaldía, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data de celebración do primeiro exercicio, a cal publicarase mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.

2. – Os aspirantes serán convocados para cada exercizo en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.

3. – Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercizo provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

SÉTIMA.—DESENVOLVEMENTO DOS EXERCIZOS DAS PROBAS SELECTIVAS.

1.—En calquera momento o Tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa identidade.

2.—A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercizos que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará polos que o primeiro apelido corresponda coa letra que determine a Resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o ano de celebración dos exercizos.

3.—Si en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ó Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsedades observadas ós efectos procedentes.

4.—Concluído cada un dos exercizos da oposición correspondente, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

5.—A relación de aprobados en cada exercizo polo Tribunal deberá publicarse no taboleiro de anuncios, ó menos con 12 horas de antelación, á nova reunión do Tribunal cando se trate do mesmo exercizo e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercizo.

6.—Dende o total remate dun exercizo ou proba ata o comezo do seguinte deberán transcorrer ó menos 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

7.—Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ó previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

*OITAVA.—EXERCIZOS DA OPOSICIÓN.**PRIMEIRO EXERCIZO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.*

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 75 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria durante un período de 85 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

SEGUNDO EXERCIZO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá na resolución dun suposto práctico, por escrito, sobre as tarefas a desenvolver segundo o temario Anexo, nun tempo máximo de 45 minutos.

TERCEIRO EXERCIZO.—PROBA DE GALEGO

Os aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos, asimesmo, de realizar a proba específica os aspirantes que opten por realizar o segundo exercicio obrigatorio na lingua galega. Os restantes opositores terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos os aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

NOVENA. – CUALIFICACIÓN DOS EXERCIZOS DA OPOSICIÓN.

Cada un dos exercizos obrigatorios e eliminatorios da oposición, serán cualificados de 0 a 10 puntos (a excepción da proba de galego), sendo necesario para aprobar cada un dos exercizos e acceder ó seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercizos obrigatorios e eliminatorios. A orde de colocación dos aspirantes na lista definitiva de aprobados establecerase de maior a menor puntuación.

DÉCIMA. – CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

1. – A cualificación obtida polos aspirantes será a resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercizos obrigatorios e eliminatorios..

2. – Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.

3. – O Tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4. – Non obstante, o Tribunal ó cualificar cada uno dos exercizos no terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final, os cales nunca poderán supera-lo número de prazas convocadas.

5. – No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercizo e si esto no fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercizos ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

DÉCIMOPRIMEIRA. – APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS OPOSITORES APROBADOS.

1. – A relación de aprobados, publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial, conterá unha advertencia recordando ós opositores aprobados que deberán presenta-la documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

2. – Os aspirantes propostos aportarán dentro do prazo de 20 días naturais, contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

Documento Nacional de Identidade mediante fotocopia compulsada por ámbolos dous lados.

Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.

Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.

DÉCIMOSEGUNDA. – NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO E TOMA DE POSESIÓN.

1. – Concluído o proceso selectivo do aspirante aprobado, non podendo exceder en ningún caso das prazas convocadas, será nomeado funcionario interino polo Sr. Alcalde unha vez se xustifique documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

2. – A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento; de non tomar posesión no prazo indicado, sen causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada, decaerá dos seus dereitos.

DECIMOTERCEIRA.—CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, ós Tribunais cualificadores e ós aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

DECIMOCUARTA.—INCIDENCIAS.

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adoptar-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DECIMOQUINTA.—RECURSOS

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Asimesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de un mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 30/92, de 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A N E X O*TEMARIO*

1. A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido. A reforma constitucional.
2. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
3. Os dereitos económicos e sociais na Constitución Española. Principios da economía social.
4. Democracia directa e democracia representativa na Constitución Española. A participación política. Os partidos políticos.
5. O sufraxio. Formas e técnicas de articulación. A Ley Orgánica de Réxime Electoral Xeral.
6. A Monarquía parlamentaria. A coroa: significado e atribucións. O referendo.
7. As Cortes Xerais. Composición e funcións.
8. O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu presidente.
9. A función parlamentaria de control do Goberno. Órganos dependentes das Cortes Xerais. O Defensor do Pobo.
10. O Poder Xudicial: principios constitucionais. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Ministerio Fiscal
11. O Tribunal Constitucional. Organización, composición e atribucións.
12. A organización territorial do Estado: regulación constitucional. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
13. Os estatutos de autonomía. Significado e contido.
14. O Estatuto de Autonomía da Comunidade de Galicia. Estructura. Competencias.
15. O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.
16. O Goberno de Galicia. O presidente da Comunidade e o Consello da Xunta. Composición, designación e remoción. As Consellarías: estrutura básica.

17. Réxime Local Español. Regulación constitucional e normativa xurídica. Liñas xerais de organización do municipio e provincia.
18. O municipio. Historia. Clases de entes municipais no Dereito español.
19. O termo municipal. A poboación. O Padrón de habitantes.
20. Organización e competencias municipais. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais.
21. Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
22. Autonomía municipal e tutela.
23. A provincia. Organización provincial. Competencias.
24. Os bens das Entidades Locais. Réxime de utilización dos bens de dominio público.
25. O servizo público na esfera local. Os modos de xestión dos servizos públicos.
26. A Lei de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.
27. O persoal ao servizo das entidades locais. Funcionarios, persoal laboral e eventual
28. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
29. Situacións administrativas do persoal ao servizo das administracións públicas.
30. O contrato laboral. Tipos
31. Os conceptos de Administración Pública e Dereito Administrativo. O sometimento da Administración ó dereito. O principio de legalidade. As potestades administrativas.
32. As fontes do Dereito Administrativo. O Regulamento: titularidade da potestade regulamentaria. Ámbito material do Regulamento. O procedemento de elaboración dos regulamentos. Eficacia do regulamento. Control dos regulamentos ilegais e efectos da súa anulación.
33. A relación xurídico administrativa. As persoas xurídicas públicas: clases. Capacidade das persoas públicas.
34. O administrado: concepto e clases. A capacidade dos administrados e as causas modificativas. As situacións xurídicas do administrado; dereitos subjetivos e intereses lexítimos.
35. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e forma.
36. A eficacia dos actos administrativos: o principio de autotutela declarativa. Condicións. A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia.
37. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: supostos.
38. A finalización do procedemento administrativo
39. Os distintos tipos de recursos administrativos
40. A potestade sancionadora das administracións públicas.
41. A Lei 29/1998 reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa
42. Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora de facendas locais

A N E X O I I**MODELO DE SOLICITUDE****SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

D. con DNI nº..... con
endereço en e nº teléfono....., a V.S.;

E X P Ó N :

Que enterado do anuncio da convocatoria para a provisión de unha praza de Administrativo de Administración xeral (persoal funcionario interino)..

Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas Bases da convocatoria, a V.S.;

SUPLICA: Se lle admita á práctica das probas para a indicada selección, co compromiso de prestar xuramento ou promesa do xeito legalmente previsto para o caso de que fora proposto/a para cubrir a indicada praza ofertada..

A Estrada, a de..... de 20

A Estrada, 5 de marzo de 2013

O ALCALDE

A Estrada, 3 de abril de 2014.—O Alcalde, José López Campos.

2014003099

E D I C T O

O Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 06.02.14, acordou aprobar inicialmente a desafectación dun camiño público (141,00 m²) radicado entre as leiras rexistras números 34.769, 34.770, 85.361 e 85.357, radicadas en Tracesto, Santa Cristina de Veá, para a súa posterior compra-venta como parcela sobrante, co obxecto de agregala ás fincas rexistras colindantes números 34.770 (96,00 m²) e 34.769 (45,00 m²); interesada por Dna. Sonia Novio Castro e D. José Antonio Vilariño Santos.

O que se somete a información pública durante o prazo de 1 mes computado a partires da publicación deste Edito no Boletín Oficial da Provincia, para eventual presentación de reclamacións/obxeccións perante o Concello polos posibles interesados.

A Estrada, 11 de febreiro de 2014.—O Alcalde-Presidente, José C. López Campos.

2014003110

* * *

O GROVE**BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURALS NO ANO 2014**

O Concello do Grove establece as bases reguladoras de concesión de axudas e subvencións públicas destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

1.—OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de libre concorrencia para fomentar as actividades que, no eido da cultura e nas súas diversas formas, promovan asociacións culturais sen ánimo de lucro, que poidan ser consideradas de interese social para o Concello do Grove, e dirixidas á poboación en xeral.

En ningún caso o Concello do Grove será responsable das obrigas contraídas polos beneficiarios como consecuencia da realización das súas actividades.

2.—*BENEFICIARIOS*

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as persoas físicas e xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.— Ser asociacións culturais validamente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- 2.— Carecer de fins de lucro (acreditándose nunha declaración responsable do representante).
- 3.— Ter o seu domicilio social e desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do concello do Grove.
- 4.— Realizar actividades de interese cultural no ámbito do municipio
- 5.— Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
- 6.— Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as ANPA nin aquelas asociacións que teñan pendente de xustificar subvencións concedidas no exercicio anterior no mesmo programa.
- 7.— Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Quedan excluídas desta convocatoria as entidades e actividades que non cumpran algún requisito das presentes bases.

3.—*PROGRAMAS SUBVENCIONABLES*

Actividades culturais dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter permanente no eido cultural en todas as súas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza...

Quedan excluídos da presente convocatoria e, por tanto, non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades:

- As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans do Concello.
- Os gastos de funcionamento das entidades e os gastos correntes.
- Os gastos de instrumentos e vestiario.
- As viaxes de ocio e as festas gastronómicas.
- Os cursos e obradoiros.
- Os gastos gastronómicos, excepto naqueles casos que garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta.

4.—*CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCIONS*

A contía da subvención estará en función dos programas e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente estes. A subvención non poderá exceder do custo da actividade á que se aplique, incluíndo no cálculo todas as subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade, tanto de entes públicos como privados. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade para desenvolver polo beneficiario.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, de ser o caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva suporía o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos.

5.—*APLICACIÓN ORZAMENTARIA*

A concesión das axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014, convocándose con cargo aos orzamentos do Concello en vigor durante o ano 2014.

O Concello do Grove concederá estas axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas actividades culturais que organicen as persoas físicas ou xurídicas sen fin de lucro no seu ámbito territorial, cando teñan relevancia para os intereses municipais, durante o exercicio actual e que se financiarán con cargo á aplicación 331.48000 do seu orzamento co límite de 22.000 €.

6.—*SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN*

As asociacións, entidades ou interesados en obter estas subvencións do Concello do Grove poderán presentar un máximo de dúas solicitudes.

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral do Concello, ou na páxina web do Concello: www.concellodogrove.com achegando, ademais, a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada da tarxeta de identificación fiscal da entidade.
- Fotocopia cotexada do DNI do representante legal.
- Proxecto ou memoria asinado polo representante, de cada actividade, con expresión, entre outros, de: data, lugar de celebración, responsable/s do desenvolvemento da acción, obxectivos desta e estimación dos beneficiarios.
- Orzamento previsto detallado de gastos e ingresos, asinado polo representante, da actividade que se solicita. Con expresión da súa gratuidade, se é o caso, ou do seu cobramento, se así o fose.
- Certificado do secretario da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello do Grove a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.
- Declaración do responsable da entidade do seguinte:
 - De non ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello do Grove.
 - Do número de beneficiarios directos ou indirectos da actividade solicitada.
 - De cumprir os requisitos esixidos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración do número de socios da entidade.
- Certificación orixinal dos datos bancarios co nome da entidade petionaria.
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.
- Declaración do representante da entidade solicitante da imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiario da subvención do Concello do Grove.

7.—*LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN*

As solicitudes, coa restante documentación, presentaranse no Rexistro xeral do Concello do Grove no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, ou en calquera das formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no art. 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, requirirase os interesados para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden as anomalías advertidas ou presenten os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, teranse por desistidos e arquivarase a solicitude sen máis trámites.

8. – VALORACIÓN E CONCESIÓN

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para a adxudicación das axudas os seguintes criterios:

1. – Interese das actividades e adecuación ao interese local.
2. – Número de persoas que participan e se benefician da actividade.
3. – Porcentaxe solicitada de financiamento.
4. – Colaboración da asociación coas actividades da Concellería de Cultura.

O conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade que desenvolva o beneficiario.

9. – PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes de subvención serán avaliadas conforme os criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, composta por:

- O Alcalde do Concello do Grove
- O Concelleiro de Cultura
- Un Técnico do Concello relacionado coa área de Cultura
- Secretario: Actuará como Secretario, sen voto, un técnico do Concello.

A Comisión de Valoración poderá:

1. – Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.
2. – Emitir un informe respecto das solicitudes de subvención.

O procedemento ordinario de concesión das axudas é o de concorrencia competitiva. Non obstante, ao longo do exercicio orzamentario poderanse resolver aquelas solicitudes que, por circunstancias novas ou por causas imprevisibles e excepcionais, non puidesen presentarse no prazo sinalado, reservándose para estes efectos ata un 15% do crédito total destes programas para a súa concesión, logo da valoración da Comisión de Valoración.

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no art. 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O transcurso de seis meses a partir do día seguinte en que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

11. – XUSTIFICACIÓN

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizadas as actividades, os beneficiarios deberán xustificalas antes do 31 de decembro de 2014.

Para cobraren a subvención, as entidades deberán presentar no Rexistro xeral do Concello a seguinte documentación:

1. – Instancia suscrita polo presidente da entidade dirixida ao alcalde do Concello do Grove, na que se solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude. Deberase acreditar a titularidade do asinante da instancia por medio de certificación do secretario da asociación, ou por calquera outro medio en que quede fidedignamente demostrada a titularidade do asinante.
2. – Memoria da actividade efectivamente realizada pola asociación e dos resultados obtidos, de conformidade coa achegada á instancia de solicitude de subvención, e balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade.

- 3.— Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran na dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición do Concello para o seu exame. (Anexo I)
- 4.— Copia autenticada de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total de cada unidade.
- 5.— Os gastos xustificados deberán axustarse no posible aos conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
- 6.— En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificados, de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que consideran gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.
- 7.— Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte do Concello da actividade, xuntando un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade subvencionada, e a declaración responsable do representante de a ter feito.
- 8.— Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

12.—REQUISITOS DAS FACTURAS

As facturas que se acheguen como xustificante da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

- a) Ser orixinais ou fotocopias compulsadas.
- b) Datadas no ano 2014, que é o ano en que se concede a subvención.
- c) Conter o número de identificación fiscal do preceptor.
- d) Conter o selo da casa subministradora ou a sinatura.

No suposto de que a subvención teña destino o pagamento de persoas físicas que prestan servizos retribuídos, pagamento de premios ou pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagamentos a persoal retribuído, coa súa pertinente retención, xustificaranse a través da nómina correspondente, acompañada dos TC.

13.—PAGAMENTO

No caso de que se xustifique un gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100%, aboarase a parte proporcional da subvención.

As cantidades subvencionadas pagaranse atendendo ás previsións de Tesourería do Concello, podendo anticiparse o 50%, mediante orde da Alcaldía, sempre despois da xustificación do importe que se percibe anticipadamente.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo preceptor.

14.—OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As entidades subvencionadas están obrigadas a:

- 1.— Destinar a subvención para a exclusiva actividade ou proxecto para a que se solicitou e concedeu.

- 2.— Acreditar a realización do proxecto, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da axuda.
- 3.— Comunicarlle ao Concello do Grove a obtención de calquera outra achega económica, institucional ou privada, que reciban con destino á actividade subvencionada.
- 4.— Presentar a documentación esixida, así como facilitar calquera comprobación que por parte do Concello se estime conveniente realizar.
- 5.— Facer constar en toda a publicidade ou información da actividade subvencionada o logotipo da Concellería de Cultura do Concello do Grove.

15.—*DEVOLUCIÓN E REINTEGRO*

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas nos seguintes casos:

- 1.— Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- 2.— Por non realizar durante o 2014 a actividade para o que se solicitou e concedeu a subvención.
- 3.— Por non aplicala aos fins para os que foi concedida.
- 4.— Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

16.—*INTERPRETACIÓN*

Calquera dúbida que puidese xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta por persoal do departamento de Cultura do Concello.

17.—*ÓRGANO DE APROBACIÓN*

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, por delegación da Alcaldía.

18.—*XURISDICIÓN APLICABLE*

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución, poderá interpoñerse, potestativamente, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo, como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (tras a modificación dada pola Lei 19/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Ademais, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data en que o recurso de reposición se entende desestimado.

19.—*DEREITO SUPLETORIO*

Para o non disposto nas presentes bases, contemplárase o establecido nas bases de execución do Orzamento Xeral do Concello do Grove en vigor durante o exercicio 2012 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18/11/2003) e demais lexislación de desenvolvemento.



3.26.7A

CONTA XUSTIFICATIVA

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos: _____ En calidade de: _____

Asociación: _____

CIF: _____

Enderezo: _____

C.P.: _____

Localidade: _____

Tfno.: _____

Fax: _____

e-mail: _____

DECLARO

a.- Que para a actividade foins concedida unha subvención de euros e realización e os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

Nº	Proveedor/Empresa	CIF	Nº factura	Concepto	Importe

b.- Que se achega a relación de facturas polo importe da subvención concedida e que o resto de xustificantes se atopan na sede da Asociación/Entidade a disposición do Concello do Grove para o seu exame
c.- Que os gastos que arriba se aplican son reais e se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda
d.- Que á Asociación SI /NON se lle concederon outras axudas coa mesma finalidade
e.- Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para a actividade non superaron o total dos gastos devengados
f.- Que o custo total da actividade ascendeu a euros
g.- Que se fizo a debida divulgación do financiamento do Concello do Grove na actividade subvencionada

..... de de 20.....

Así lo: o/a solicitante/representante

A N U N C I O

O Pleno municipal aprobou inicialmente o 30 de xaneiro de 2014, a Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello do Grove. Durante o prazo de exposición pública non se formulou reclamación ningunha contra esta, polo que resultou definitivamente aprobada e publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia para que entre en vigor.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada se pode interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DO GROVE*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril de 1985) establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunicades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o Servizo de Axuda no Fogar como un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11 f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolven, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar, de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar, establecéronse pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7 b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de lle dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

A carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia está integrada por servizos comúns e servizos específicos. Dentro dos servizos comúns encóntrase o Servizo de Axuda no Fogar para a atención a persoas dependentes, que inclúe unha especialidade no servizo dirixida a persoas con discapacidade auditiva. Dentro dos servizos específicos encóntrase o Servizo de Axuda no Fogar para atención a persoas dependentes con alzheimer e persoas dependentes con enfermidade mental. O Servizo de Axuda no Fogar prestarase, sempre que sexa necesario, sen limitacións de idade.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello do Grove, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I.—DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.—OBJECTO

É obxecto desta ordenanza a regulación do Servizo de Axuda no Fogar desenvolvido polo Concello do Grove.

ARTIGO 2.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao Servizo de Axuda no Fogar que se desenvolve no Concello do Grove.

ARTIGO 3.—INTERPRETACIÓN

A interpretación deste regulamento é competencia dos órganos de goberno deste concello.

ARTIGO 4.—COMPETENCIAS

Correspóndelle ao Concello o desenvolvemento das seguintes funcións: planificación, programación e dirección técnica do servizo, coordinación, seguimento, supervisión e control do SAF, análise, avaliación e aprobación das altas e baixas do servizo.

ARTIGO 5.—NATUREZA, DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

O Servizo de Axuda no Fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

O Servizo de Axuda no Fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Son obxectivos do Servizo de Axuda no Fogar:

- 1.— Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- 2.— Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- 3.— Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- 4.— Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- 5.— Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

6.— Retardar ou evitar a institucionalización.

7.— Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ARTIGO 6.—CONTIDO DO SERVIZO

1.— De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos Servizos Sociais, no marco do Servizo de Axuda no Fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

1. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
2. Asistencia para levantarse e deitarse.
3. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
4. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
5. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
6. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
7. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
8. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
9. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
10. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.
11. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
12. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
13. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
14. Preparación dos alimentos.
15. Lavado e coidado das prendas de vestir.
16. Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

17. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.
- 2.— Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:
5. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
 6. Adaptacións funcionais do fogar.
 7. Servizo de podoloxía.
 8. Servizo de fisioterapia.
- Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto).....

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos) Puntos

- Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos).....
- Ausencia de relacións sociais (6 puntos).....
- Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos).....
- Integración axeitada no contorno (0 puntos).....

Puntos

Total puntos outros aspectos sociais

Puntos

TOTAL XERAL

ANEXO IV

INFORME SOCIAL (SAF)

Composición do grupo de convivencia				
Apelidos e nome	Parentesco ou relación coa persoa usuaria	Idade	Estado civil	Profesión
	Persoa usuaria			
Familiares ou persoas achegadas que non conviven				
Apelidos e nome	Parentesco ou relación ca persoa usuaria	Enderezo	Teléfono	

Relacións familiares: (implicación , colaboración, reparto de responsabilidades da familia ou persoas achegadas, que necesidades están cubertas, cal é a persoa familiar ou achegada que asume o rol de coidador/a principal...).Relacións co contorno: (con amizades, con persoas veciñas, nivel de participación social, utilización de recursos/servizos, se existe illamento ou rexeitamento social....).

SITUACIÓN DA VIVENDA:

Localización da vivenda:

- a) Urbana
- b) Rural
- c) Vivenda illada

Réxime de tenencia:

Importe alugueiro/hipoteca por mes:

Barreiras arquitectónicas:

1. Si. Sinalar _____
2. Non

Habitabilidade:

Dálle o sol	Si	Non
Está ventilada	Si	Non
Ten humidade	Si	Non
Estado de deterioración:		
Goteiras	Si	Non
Fendas	Si	Non
Ameaza ruína	Si	Non

Comunicación (medios de transporte):

SITUACIÓN ECONÓMICA/LABORAL DA UNIDADE DE CONVIVENCIA: (ingresos familiares e a súa procedencia, situacións de desemprego, prestacións económicas, gastos fixos e extraordinarios que inflúan na situación económica...).

SITUACIÓN DA SAÚDE DA PERSOA/FAMILIA USUARIA DO SAF

Situación saúde física e psíquica (diagnóstico, tratamento e asistencia médica que recibe a persoa...).

Situación funcional (autonomía persoal para realizar de actividades da vida diaria, situación de discapacidade: grao...).

Datos de saúde (física, psíquica e funcional) do resto do grupo de convivencia:

Persoa cuidadora habitual das persoas en situación de dependencia:

OUTROS DATOS DE INTERESE: (información relevante para determinar a concesión do SAF como, por exemplo, se a persoa acepta ou non o servizo...).

VALORACIÓN PROFESIONAL: (relacionar e interpretar as variables anteriores para sintetizar a situación-problema...).

PROPOSTA DE INTERVENCIÓN: (recolle a idoneidade ou non do SAF, a necesidade doutros recursos complementarios...).

Asdo.:

Anexo V

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Proxecto de intervención

<i>Datos de identificación do expediente.</i>				
Expediente		Intervención núm.	Data de solicitude	Data de inicio
Sector de referencia		Ámbito de atención	Núm. total de usuarios/as	
Nome e apelidos	Data de nacemento	DNI	Sexo	Estado civil
Proxecto			Data do proxecto	Data de fin de proxecto



Antecedentes relevantes:

- 2. Atención que se prestará.

Días da semana.

L	M	MÉ	X	V	S	D	Núm. de horas semanais	Horario

1 Identificación do expediente en SIUSS.

2 Número de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente.

3 Tipoloxía SIUSS.

4 Pódese empregar a tipoloxía SIUSS.

Tipo de servizo para prestar 4.

Perfil dos/as profesionais.

Outros servizos:

3. Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio.

Existencia:

Servizos/apoios:

Núm. de horas semanais:

4. Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen.

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas que se realizarán:

5. Periodicidade do seguimento (mínimo bimestral).

Técnico/a responsable:

Asdo.:.....

Persoa usuaria/gardador-a de feito:

Asdo.:.....

Anexo VI

Acordo de Servizo

Reunidos no Grove o día dunha parte don/dona
 con DNI, ou na súa representación don/dona, con
 DNI, en calidade de

E doutra a traballadora social, en calidade de técnica responsable do Servizo de Axuda no Fogar do Concello do Grove,

ACORDAN:

- Que o Concello do Grove lle prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) á persoa arriba citada, desde o día _____ do _____ de 20___, e mentres se manteñan as circunstancias que determinaron a alta neste servizo.
- Que o SAF se levará a cabo por un total de _____ horas mensuais, distribuídas semanalmente nos seguintes días: _____
- Que atendendo ao Decreto 99/2012, ao Decreto 149/2013, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de % sobre



- a súa capacidade económica. Con base no anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de euros polo total de horas prestadas.
- Que atendendo ao Decreto 99/2012, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de % sobre o custo do servizo. Con base no anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de euros, polo total de horas prestadas.
 - Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido na entidade bancaria sinalada polo Concello, no número de conta autorizada para tal efecto.
 - Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes: Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:
 - Atencións domésticas
 - Atencións persoais.
 - Atencións psicosociais e educativas.
 - Atencións complementarias.
 - Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas comprométese a levar a cabo o resto das tarefas non contempladas neste acordo de servizo.
 - Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.
 - Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.
 - Que existe un libro de queixas e reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.
 - Que co presente acordo do servizo se lle entrega a persoa usuaria unha copia da Ordenanza reguladora do servizo debidamente visada polo órgano competente.

Ambas as partes lle dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e asínano.

O Grove, dede 20.....

A persoa usuaria

O/a técnico/a responsable

**DOMICILIACION BANCARIA PARA O PAGAMENTO DA COTA CORRESPONDENTE
AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

D./D.^a _____, con DNI _____, como usuario/a do servizo, gardador de feito ou representante legal de D./D.^a _____, con DNI _____, como titular da conta abaixo especificada, autorizo a domiciliación das cotas correspondentes como usuario do Servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello do Grove segundo o acordo asinado o día _____.

Entidade	Oficina	DC	Número de Conta

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura: _____

ANEXO VII

SOLICITUDE DE BAIXA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Datos da Persoa Solicitante			
1º Apelido		2º Apelido	
Nome		DNI	
Enderezo			
CP		Parroquia	
Concello		Provincia	
Data Nacemento		Teléfonos	

EXPOÑO:

Que sendo beneficiario/a do servizo de axuda no fogar do Concello do Grove desde o día

SOLICITO:

A baixa no antedito servizo polo seguinte motivo:

.....

O Grove, de de

Asdo.:

Alcalde do Concello do Grove

ANEXO VIII

NOTIFICACIÓN DE ACCESO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DO GROVE

Comprácenos comunicarlle que foi adxudicada pola Consellería de Traballo e Benestar Social, o Servizo de Axuda no Fogar no Concello do Grove en horas mensuais, polo que os Servizos Sociais Comunitarios Básicos contactarán con vostede co obxecto de establecer a data de alta no servizo cando exista indisponibilidade. A súa decisión con respecto ao servizo, aceptación ou rexeitamento deberá comunicala ben presentándose nos Servizos Sociais do Concello ou por escrito no modelo que se lle achega no prazo máximo de dez días contados a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación. Así mesmo, comunicámoslle que, de superarse ese prazo, entenderemos desistido o seu dereito ao servizo.

No caso de que teña algunha dúbida, debe poñerse en contacto coa persoa responsable do programa, no Centro Municipal de Servizos Sociais ou no teléfono 986 733 334.

O Grove, de de

PARA CUBRIR POLA PERSOA USUARIA

Recibida a información que me facilitan desde os Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello do Grove sobre a miña alta no Servizo de Axuda no Fogar cando exista indisponibilidade, comunícolles que:

- a) Acepto o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e serei dado de alta nel na data prevista.
b) Desisto no meu dereito ao SAF.
c) Faleceu o/a solicitante (indicar a persoa que comunica o feito).

O Grove, de de

O/a solicitante ou representante legal

Asdo.:.....

ANEXO IX

IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE TITULAR, SEDE OFICIAL E OFICINA BASE DO PROGRAMA

Concello do Grove (Pontevedra)

CIF: P3602200B

Centro Municipal de Servizos Sociais, rúa Castelao, 178 (entrada por Beiramar) 36980 O Grove

Teléfono: 986 733 334

Fax: 986 733 902

Horario de atención: de luns a venres de 9.00 a 14.00 h

Correo electrónico: serviciossociais@concellodogrove.com

ANEXO X

PROTOCOLO PARA O INICIO DA PRESTACIÓN EFECTIVA E O ESTABLECEMENTO DO VÍNCULO ENTRE A/O AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR E A PERSOA USUARIA DO SERVIZO

Identificación das persoas que deberán estar no domicilio da persoa usuaria no momento da visita do/a técnico/a responsable, preferiblemente fillos, parella, ou familiares directos.

Visita do/a técnico responsable ao domicilio da persoa usuaria, estudo e valoración do caso e elaboración do proxecto de intervención que deberá conter cando menos: os obxectivos que se pretenden acadar coa aplicación do proxecto de intervención, as tarefas concretas a realizar pola auxiliar de axuda no fogar ou outros profesionais, días e horario concreto da prestación do servizo, persoal de atención directa encargado de realizar as tarefas.

Presentación ás persoas usuarias e/ou familiares no domicilio, da auxiliar de axuda no fogar e indicación concreta das tarefas a realizar.

ANEXO XI

RÉXIME DE VISITAS AOS DOMICILIOS DO/A TÉCNICO/A QUE COORDINE OU SUPERVISE O PROGRAMA

A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, a través de visitas domiciliarias e demais xestións que considere oportunas para o seu seguimento que serán realizadas sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses.

Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se for o caso, ao contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo do servizo.

*ANEXO XII***PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN NO CASO DE URXENCIAS E DE INCIDENCIAS***Considéranse situación de urxencia:*

Imposibilidade total de realizar actividades básicas da vida diaria e carecer de familiares que podan atendelo de xeito inmediato.

Cando concorran circunstancias que aconsellen unha intervención inmediata do servizo, esta poderá iniciarse de forma inminente, bastando para isto o informe-proposta do/a traballador/a social correspondente, no que argumentará as circunstancias que aconsellen esta inmediatez, así coma a conseguinte proposta e unha resolución ao respecto.

No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante unha resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de Servizos Sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos Servizos Sociais comunitarios, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

Esta intervención de urxencia non poderá manterse mais dun mes sen que medie unha resolución favorable expresa.

*ANEXO XIII***PROTOCOLOS DE SUBSTITUCIÓN DA PERSOA AUXILIAR DE
AXUDA NO FOGAR E DE CESACIÓN DO SERVIZO**

O tempo mínimo de preaviso de cambio de auxiliar será dunha hora, excepto en situación imprevistas, indicando a duración desta sempre que sea previsible.

- Comunicación ao/á beneficiario/a da persoa auxiliar substituta
- Entrega á persoa substituta do proxecto de intervención coas tarefas e horarios para desenvolver.

A cesación do servizo axustarase aos artigos 12 e 13 desta ordenanza, referidos á extinción e á suspensión do servizo.

En caso de renuncia ao servizo do que a persoa usuaria é beneficiaria, esta deberá comunicalo aos Servizos Sociais comunitarios básicos con quince días de antelación e asinar o modelo de solicitude de baixa da prestación do servizo do SAF, conforme o anexo 7.

*ANEXO XIV***PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE QUEIXA NO LIBRO DE RECLAMACIÓNS**

Facilitarase unha copia da queixa ao/á usuario/a

Remitiráselle o orixinal ao servizo de inspección correspondente

Nos casos pertinentes, archivarase unha copia das notificacións nos expedientes dos/as usuarios/as.

O Grove, 27 de marzo de 2014.—O Alcalde, Miguel Angel Pérez García.

2014003018

* * *

LALÍN**A N U N C I O**

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o pasado día 31 de marzo de 2014, e previo ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 27 de marzo de 2014, acordou iniciar o expediente para a cesión, á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, dunha parte da Parcela E-3 emprazada no Polígono Industrial Lalín 2000 de Lalín para a construción dunha nave adicada a viveiro de empresas así como o acondicionamento do contorno e accesos da mesma.

De acordo co disposto no artigo 110 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais o expediente quedará exposto ao público durante un prazo de quince días hábiles na Secretaría Xeral do Concello de Lalín aos efectos da súa consulta polos interesados.

Lalín, 7 de abril de 2014.—O Concelleiro Delegado de Facenda, Manuel Gómez Estévez. **2014003293**

A N U N C I O

Incoado expediente de depuración de dereitos liquidados pertencentes á agrupación de orzamentos pechados, e aprobado con carácter inicial pola Comisión executiva do Padroado Cultural de Lalín, en sesión ordinaria celebrada o pasado 31 de marzo, consonte ao disposto na base 32 de execución do orzamento, exponse o expediente ao público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da inserción deste anuncio no B.O.P., co obxecto de que os interesados poidan examinalos e presentar as reclamacións, alegacións ou observacións que estimen procedentes.

Lalín, 2 de abril de 2014.—O Presidente, José Crespo Iglesias. **2014003286**

* * *

MEAÑO**A N U N C I O**

Aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 10 de febreiro de 2014 a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE MEAÑO, e elevada a definitivo ao non presentarse reclamacións á mesma no período de exposición pública, publícase o texto íntegro da mesma ó abeiro do artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

**“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE
AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MEAÑO****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo

7. b) Como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, fíxose necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo,

dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia está integrada por servizos comúns e servizos específicos. Dentro dos servizos comúns encóntrase o Servizo de Axuda no Fogar para a atención a persoas dependentes, que inclúe unha especialidade no servizo dirixida a persoas con discapacidade auditiva. Dentro dos servizos específicos encóntrase o Servizo de Axuda no Fogar para atención a persoas dependentes con alzheimer e persoas dependentes con enfermidade mental. O Servizo de Axuda no Fogar prestarase, sempre que sexa necesario, sen limitacións de idade.

En consecuencia, e en virtude destes cambios normativos e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias e polo que se fai necesario adaptar de novo a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao mencionado Decreto.

O Concello de Meaño formula esta adaptación normativa, regulando os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar que está a prestar, a través da presente ordenanza no ámbito da súa potestade regulamentaria e na esfera dunha competencia transitoria segundo a Disposición Transitoria Segunda "Asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas a servizos sociais" da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º.—OBXECTO

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Meaño.

ARTIGO 2º.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de Meaño.

ARTIGO 3º.—INTERPRETACIÓN

A interpretación deste regulamento é competencia dos órganos de goberno deste Concello.

ARTIGO 4º.—FUNCIONES

Correspóndelle ao Concello o desenvolvemento das seguintes funcións: Planificación, programación e dirección técnica do servizo, coordinación, seguimento, supervisión e control do SAF, análise, avaliación e aprobación das altas e baixas do servizo.

ARTIGO 5º.—NATUREZA, DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO

- 1.— O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local que presta o Concello como entidade recoñecida pola Comunidade Autónoma para a prestación dos servizos de promoción da autonomía e atención ás situacións de dependencia, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
- 2.— O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.
- 3.— O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ARTIGO 6º.—CONTIDO DO SERVIZO

- 1.— De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:
 - a.) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - b.) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
 - I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
 - II. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.

- c.) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
- I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - III. Preparación dos alimentos.
 - IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.
 - V. Apoio a unidade familiar
 - VI. Coidados básicos da vivenda.
- Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.
- d.) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.
- 2.— Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:
- a.) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
 - b.) Adaptacións funcionais do fogar.
 - c.) Servizo de podoloxía.
 - d.) Servizo de fisioterapia.
 - e.) Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- 3.— Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.
- 4.— En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.
- 5.— En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:
- a.) A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
 - b.) Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

ARTIGO 7º.— PERSOAL DO SERVIZO

Persoal de referencia. O responsable técnico deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o servizo se preste externamente a Traballadora Social do concello realizará unha labor de supervisión do traballo realizado polo persoal técnico da empresa adxudicataria.

Auxiliares de Axuda no fogar que prestan atención directa nos domicilios das persoas usuarias, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía deberá estar en posesión do título de Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

- Outros profesionais para a prestación de servizos complementarios.
- Voluntariado.

ARTIGO 8º.—PERSONAS DESTINATARIAS

- 1.— O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.
- 2.— En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

ARTIGO 9º.—DEREITOS DAS PERSONAS USUARIAS

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1.— A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- 2.— A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
- 3.— A recibiren unha atención individualizada e adaptada as súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
- 4.— A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
- 5.— A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
- 6.— A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- 7.— Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- 8.— A coñeceren a situación do seu expediente.
- 9.— A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos axeitados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
- 10.— Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
- 11.— Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

ARTIGO 10º.—DEBERES DAS PERSONAS USUARIAS

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

- 1.— Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
- 2.— Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

- 3.— Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo a súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
- 4.— Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- 5.— Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- 6.— Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
- 7.— Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- 8.— A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.
- 9.— Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

ARTIGO 11º.—DEBERES XERAIS DO PERSOAL DO SERVIZO

O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza coa persoa usuaria e a súa familia interfira no traballo.

Respetará a intimidade da persoa usuaria e gardará a debida confidencialidade

Deberes do/a auxiliar de axuda no fogar:

- 1.— A/o auxiliar non debe facer partícipe ás persoas usuarias e á familia destas, dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.
- 2.— Non se poderá acudir ao lugar de traballo acompañados de persoas alleas ao servizo.
- 3.— Non se poderá recibir en custodia cartos, xoias nin obxectos
- 4.— Non se permite recibir ningún tipo de prestación/bonificación por parte da persoa usuaria á/ao auxiliar de axuda no fogar (cartos, regalos,...)
- 5.— Non se disporá das chaves de ningún domicilio salvo autorización por escrito da persoa usuaria.
- 6.— En caso de ausencia ao traballo deberá comunicalo coa maior antelación posible, tras a autorización do xefe de persoal ao usuario e ao xefe de servizo.

ARTIGO 12º.—CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO

- 1.— Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:
 - a.) A renuncia da persoa usuaria.
 - b.) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
 - c.) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - d.) Falecemento da persoa usuaria.
 - e.) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
 - f.) A falta reiterada de pagamento do servizo.
 - g.) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- 2.— Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido

inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

- 3.— Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

ARTIGO 13º.—CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- 1.— Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de dous meses para persoas en situación de dependencia e tres meses por libre concorrencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
- 2.— Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

ARTIGO 14º.—FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Meaño, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

ARTIGO 15º.—REQUISITOS ESPECÍFICOS

- 1.— Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa

Incrementos sucesivos Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

- 2.— O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
- 3.— O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- 4.— O Concello de Meaño, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - a.) Un informe social (Anexo IV no caso de libre concorrência), asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
 - b.) Un proxecto de intervención, asinado polo/a traballador/a social, segundo o Anexo V desta ordenanza.
 - c.) Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Meaño e a persoa usuaria, segundo o Anexo VI desta ordenanza.
 - d.) Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 16º.—MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO, ORGANIZACIÓN E PROCEDIMENTO

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

- 1.— O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Meaño, cando sexa o caso, procederá a dar de alta ás persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. Notificarase ao interesado (segundo o anexo VIII) para que, no prazo de dez días, comunique a súa aceptación ou desestimento do seu dereito ao servizo de axuda no fogar. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.
- 2.— Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescripción técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrência, segundo o seguinte procedemento:

- a.) Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:
- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
 - III. Certificado de convivencia.
 - IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde (Anexo II)
 - V. Certificado de incapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
 - VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 - 1.) Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 - 2.) Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 - 3.) Xustificante do pago da hipoteca ou do aluguer de vivenda, de ser o caso.
 - VII. Datos bancarios.
 - VIII. Calquera outra documentación que sexa requerida polo/a traballador/a social para a valoración do seu expediente
- En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente, en materia de protección de datos de carácter persoal.
- As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.
- b.) As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo III
- c.) O/A Traballador/a Social dos Servizos Sociais Comunitarios elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.
- No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.
- d.) No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais comunitarios, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.
- e.) Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo VI desta ordenanza (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).
- f.) Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

ARTIGO 17º.—DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

- 1.— O prazo de alta no servizo será dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos, con dispoñibilidade horaria por parte do concello, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia. Para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia o prazo será dunha semana dende que se dita resolución por parte da Alcaldía. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.
- 2.— Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.
- 3.— A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

- 4.— Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo VI desta ordenanza.
- 5.— O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo V desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.
- 6.— Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.
- 7.— Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.
- 8.— Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- 9.— O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - Un informe (Anexo IV no caso de libre concorrencia) de avaliación inicial, asinado polo/a Traballador/a Social, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
 - Un proxecto de intervención, asinado polo/a traballador/a social, segundo o anexo V desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009).
 - Un acordo de servizo asinado entre o concello de Meaño e a persoa usuaria, segundo o anexo VI desta ordenanza.
 - Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

ARTIGO 18º.—INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

- 1.— A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico, dende as 7,00 ata as 23,00h. No caso de libre concorrencia ata un máximo de 30h/mes.

- 2.— A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana, dende as 7,00 ata as 23,00h.
- 3.— Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais comunitarios e con carácter xeral se prestará de luns a venres, excepto festivos.

ARTIGO 19º.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DO SISTEMA DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DA DEPENDENCIA

- 1.— A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
- 2.— O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso e incluírá un pronunciamiento expreso sobre a participación do usuario no custo do servizo de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

ARTIGO 20º.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

- 1.— Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- 2.— Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
- 3.— A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

ARTIGO 21º.—PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

- 1.— Cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20h	<=45h	<=70h
100%	0%	0%	0%
115%	4,52%	9,61%	14,70%
125%	5,41%	11,50%	17,58%
150%	5,55%	11,79%	18,03%
175%	5,65%	12,00%	18,35%
200%	5,72%	12,16%	18,60%
215%	5,81%	12,34%	18,87%
250%	6,03%	12,82%	19,61%
300%	6,24%	13,26%	20,29%
350%	6,42%	13,63%	20,85%
400%	6,54%	13,90%	21,25%
450%	6,63%	14,09%	21,55%
500%	6,70%	14,25%	21,79%
>500%	6,76%	14,36%	21,97%

- 2.— Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de SAF sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das oras efectivas de servizo.
- 3.— En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

- 4.— Se a capacidade económica da persoa usuaria é igual ou inferior a contía anual establecida pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), esta non participará nos custos do servizo.
- 5.— Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.
- 6.— No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención reconecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar regulados no artigo 14.2 deste decreto, para os efectos facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarán a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividade de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividade de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividade de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100%	0%	12.87%	13.76%	0%	22.73%	24.29%	0%	35.51%	37.95%
115%	5.98%	13.10%	14%	10.56%	23.12%	24.71%	16.50%	36.13%	38.61%
125%	7.15%	13.39%	14.31%	12.63%	23.64%	25.26%	19.73%	36.94%	39.47%
150%	7.34%	13.52%	14.44%	12.95%	23.87%	25.50%	20.24%	37.29%	39.85%
175%	7.47%	13.61%	14.54%	13.18%	24.03%	25.67%	20.60%	37.54%	40.12%
200%	7.57%	13.76%	14.70%	13.36%	24.29%	26.96%	20.87%	37.96%	40.56%
215%	7.68%	13.83%	14.78%	13.56%	24.42%	26.09%	21.18%	38.16%	40.77%
250%	7.98%	13.96%	14.91%	14.09%	24.64%	26.33%	22.01%	38.50%	41.14%
300%	8.25%	14.06%	15.02%	14.57%	24.82%	26.52%	22.77%	38.78%	41.44%
350%	8.48%	14.16%	15.13%	14.98%	25.00%	26.72%	23.40%	39.07%	41.74%
400%	8.65%	14.35%	15.33%	15.27%	25.33%	27.06%	23.85%	38.57%	42.29%
>400	8.77%	14.48%	15.48%	15.48%	25.57%	27.32%	24.19%	39.95%	42.69%

ARTIGO 22º.—PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO

- 1.— Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 20 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0 %
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,00 IPREM	10 %
Mayor de 1,00 e menor ou igual a 1,50 IPREM	20 %
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	30 %
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40 %
Maior de 2,50 IPREM	60 %

- 2.— Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
- 3.— En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.
- 4.— No caso de servizos complementarios aplicarase o presente baremo, establecendo como límite máximo de aportación por parte do usuario o recollido na normativa vixente a aplicar.

ARTIGO 23º.—AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Meaño, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

ARTIGO 24º.—DA COORDINACIÓN COAS ENTIDADES PRIVADAS QUE ATENDAN A PERSOAS USUARIAS FINANCIADOS TOTAL OU PARCIALMENTE CON FONDOS PÚBLICOS

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva caos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

ARTIGO 25º.—OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 8.

*ARTIGO 26º.—NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGO*

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

- 1.— Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os primeiros vinte días do mes seguinte.
- 2.— Por parte do Concello e, sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento).

ARTIGO 27º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Á entrada en vigor desta ordenanza queda expresamente derogada a Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 8 de abril de 2013 e publicada no BOP nº 127 de data 4 de xullo de 2013.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 10 febreiro de 2014, entrará en vigor, trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

*Anexo I***SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR**

<i>Datos do Solicitante</i>		
D/D ^a :		
Con DNI/CIF:	Con enderezo no/a lugar/rúa de:	
n ^o :	Parroquia de:	n ^o de teléfono:
Municipio:	Provincia:	
<i>Datos do representante, (se fose o caso)</i>		
D/D ^a :		
Con DNI/CIF:	Con enderezo no/a lugar/rúa de:	
n ^o :	Parroquia de:	n ^o de teléfono:
Municipio:	Provincia:	
<i>Modalidade elixida:</i>		
Carácter Básico Carácter Complementario Socialización e mellora da Autonomía		
<i>Horario de atención:</i>		
Inicio do servizo: Mañá: Tarde:		
<i>Documentación que hai que aportar:</i>		
Fotocopia do DNI do solicitante. Fotocopia da cartilla sanitaria. Xustificantes acreditativos dos ingresos económicos da unidade familiar. Informe Médico. Domiciliación bancaria. Certificados de empadramento e convivencia. Libro de familia (se é o caso). Outros:		

Meaño, a de de 20

Sinatura

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE MEAÑO

Infórmasele que os seus datos formarán parte do ficheiro denominado SIUSS coas finalidades de xestión e tramitación de programas e prestación de servizos sociais, como axuda a domicilio, transporte adaptado, concilia, teleasistencia, madrugada, asesoramento en trámites de axudas e subvencións. Os seus datos poderán ser comunicados a outros Centros educativos ou de saúde, ou a entidades bancarias para o cobro de adeudos domiciliados así como a outras Administracións Públicas. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, oposición e cancelación dirixíndose ao Concello de Meaño situado na Rúa Campo da Feira nº 1, C.P.3698, Meaño, Pontevedra. No seu caso, poderá solicitar tutela da AEPD.

Anexo II

INFORME MÉDICO. (Servizo de Axuda no Fogar)

D./D^a, Colexiado n^o.....
Médico de.....,INFORMA: Que recoñecido/a D./D^a
con D.N.I n^o:

A) Padece enfermidade infecto-contaxiosa. (Indicar si ou non)

B) Atópase inmobilizado na cama precisando coidados médicos ou dunha terceira persoa de forma permanente. (Indicar si ou non).

C) Saude mental

- Presenta transtornos psíquicos graves que poidan producir alteracións na convivencia familiar.

D) Capacidade funcional

- Válese por si mesmo, no seu aspecto físico, para o desenvolvemento das actividades normais da vida diaria. (Si ou non).
- Preparación da comida. (Como prepara a comida; planificación do menú, cocinar, poñer a mesa...) * Ver opcións de resposta en Anexo final.
- Amaño da casa e tarefas domésticas ordinarias: face-la cama, limpa-lo po, ordena-la casa, lava-la roupa.
- Manexo do diñeiro. Como paga-las facturas, leva-las contas, valora-los gastos da casa.*
- Toma de medicamento. Como controla-la medicación (recordar tomala, abri-los frascos, toma-la dose correcta).*
- Usa-lo teléfono. Como se realizan e reciben chamadas (incluídas axudas técnicas como números grandes no teléfono, amplificadores de voz)*
- Face-las compras. Como se fai a compra de alimentos e produtos para o fogar (selecciona-lo que se vai a comprar, manexa-lo diñeiro)*
- Transporte. Como usuario usa algún vehículo (vai a sitios onde non pode chegar andando, transporte público ou individual)*
- Mobilidade na cama. Móvese desde/cara á posición de tumbado, dá a volta dun lado ó outro e cambia de posición na cama.
- Deambulación. Móvese entre o seu cuarto e o corredor contiguo no seu mesmo piso. Se usa cadeira de rodas é independente unha vez sentado.*
- Vestirse. Inclúe prepara-la roupa, sacándoa do armario, poñela, quitala, vestirse, abrochase, quitar toda a roupa de saír á rúa, incluíndo quitar ou poñer próteses.*
- Comer. Inclúe comer con calquera método, incluso sonda nasogástrica.*
- Usa-lo aseo. Comprende o uso do aseo (ouriñal de asento, cuña, etc...) Como se levanta e se senta, cómo se lava despois, se cambia os absorbentes,, ou manexa a sonda ou a ostomía e axusta a roupa.*
- Hixiene persoal. Mantén a propia hixiene, incluíndo peitearse, cepilla-los dentes, afeitarse, maquillarse, lavar e e seca-la cara, as mans e o periné (excluíndo baños e duchas.)
- Bañarse. Como toma o usuario a ducha ou o baño e se move dentro /fora da bañeira/ducha (exclúe lava-la cabeza e as costas)
Rexístrase da forma seguinte.*
- Subi-las escaleiras. Nos últimos 7 días como subiu e baixou as escaleiras, rexistra-la súa capacidade de facelo.

E) Limitacións no campo visual.

Indicar só unha posibilidade.

(Capacidade para ver coa luz adecuada e as gafas se as usa).

ADECUADA: Ve detalles finos, incluíndo impresión normal de libros e xornais.

DEFICIENTE: Ve caracteres impresos grandes pero non caracteres impresos normais de libros e xornais.

MOI DEFICIENTE: Incapaz de ve-los titulares dos xornais, parece segui-los obxectos cos ollos.

DEFICIENCIA SEVERA: Non ve ou parece que só distingue luz, cores e siluetas.

F) Limitacións auditivas.

- Oe adecuadamente.
- Dificultade mínima cando non está nun lugar tranquilo.
- Oe só en situacións especiais.
- Audición moi diminuída.

G) Dificultade respiratoria : Si, non, leve, importante ou total.

H) Continencia nos últimos 14 días.

Incontinencia Vesical.

- Nota: Non considera-las pequenas perdas que só manchan a roupa interior).
- Continente. Control total.
- Normalmente continente: episodios de incontinencia 1 vez por semana ou menos
- Ocasionalmente incontinente, dúas ou máis veces por semana pero non diariamente.
- Frecuentemente incontinente: tende a ser incontinente diariamente pero existe algún control (por ex. Durante o día)
- Incontinente: múltiples episodios diarios.

Incontinencia Intestinal.

- Continente : control total.
- Normalmente continente. Episodios de incontinencia menos de 1 vez por semana ou menos.
- Ocasionalmente incontinente, un episodio de incontinencia á semana.
- Frecuentemente incontinente: episodios de incontinencia 2 ou 3 veces por semana.
- Incontinente . todo ou case todo o tempo.

I) Estado da pel.

Úlceras de Decúbito. (Indicar si hai ou non).

J) Caídas.

Rexistrar se o usuario caeu nos últimos 180 días.

Risco de caídas. :

Se camiña dunha forma inestable.

Se o usuario limita saír fóra da casa por medo a caer.

K) Estado xeral nos últimos 90 días.

Hospitalización: O usuario estivo ingresado nos últimos 90 días (Si , non).

L) Estabilidade no Estado de Saúde.

- Se presenta problemas /enfermidades que afectan ó estado cognitivo, ó comportamento ou ás AVDs que son inestables, flutuantes, precarias ou facilmente deteriorables.
- Tratamentos procedementos especiais. Se ten algún tratamento ou procedemento especial que sexa difícil de seguir no seu domicilio.
- Fármacos. Nº de veces que o médico cambiou a medicación nos últimos 90 días.

M) Diagnóstico de enfermidades.

Sinalar só as enfermidades que teñan unha relación co actual nivel das AVDs, o estado cognitivo, o humor e o comportamento, terapias médicas, monitorización de enfermería ou o risco de morte.

VALORACIÓN DIAGNÓSTICA: Reflectirase a causa médica que produciu a incapacidade sinalada anteriormente.

Meaño, a de 20 .

Anexo III

*BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACION DO SERVIZO DE
AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA*

FACTOR 1: AUTONOMÍA PERSOAL

Non poder realizar sen axuda a limpeza da casa	0,1
Non poder lavar, pasar o ferro ou repasar a roupa	0,1
Non poder facer a compra	0,2
Non poder preparar alimentos	0,2
Non poder saír da casa sen acompañante	0,3
Non poder asearse sen axuda	0,3
Non poder vestirse sen axuda	0,3
Non poder sentarse nin levantarse sen axuda.....	0,3
Non poder andar só/a.	0,4
Non poder comer só/a	0,4
Permanecer encamado/a	0,4

As circunstancias sinaladas neste baremo son acumulables, e poderase acadar neste apartado unha PUNTUACIÓN MÁXIMA DE 3 PUNTOS.

Táboa de equivalencias para a valoración do nivel de autonomía persoal									
De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade	75%-100%		81%-87%		88%-93%		94%-100%	Grao de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración ade ATP ou BVD
		75%-100% discapacidade e ata 14 pts. ATP		75%-100% discapacidade e 15-29 pts. ATP		75%-100% discapacidade e 30-44 pts. ATP		75%-100% discapacidade e 45-72 pts. ATP	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. ATP (RD 1971/1999)
		75% discapacidade e ata 24 pts. BVD	25-39 pts. BVD	40-49 pts. BVD	50-64 pts. BVD	65-74 pts. BVD	75-89 pts. BVD	90-100 pts. BVD	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. Puntuación BVD (RD.504/2007)
			Grao I		Grao II		Grao III		Situación de dependencia (Decreto 176/2007)
5 pts.	10 pts.	14 pts.	24 pts.	32 pts.	40 pts.	Puntuación Nivel de autonomía persoal			
Puntos									
Total puntos autonomía persoal									

FACTOR 2: APOIO SOCIAL (MÁXIMO TOTAL 20 PUNTOS)

- A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos).....
- A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos).....
- A persoa convive con persoa sen capacidade para atendela (ata 12 puntos).....
 - Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos).....
 - Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos).....
 - Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos).....
 - Con incapacidade para organizarse (3 puntos).....
 - Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos).....
 - Vive só/soa, pero hai familiares con posibilidade de atendelo no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos).....
 - Está ben atendido (0 puntos).....

Puntos

Total puntos apoio social.....

FACTOR 3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (MÁXIMO TOTAL 20 PUNTOS)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)

- Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto).....
- Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos).....
- Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos).....
- Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos).....

3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)

Familias en que ambos os proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións á persoa (2 puntos).....

3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)

- Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores ou solicitantes(2 puntos).....

3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)

– Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización (2 puntos).....

3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)

- Un menor (3 puntos).....
- Dous menores (5 puntos).....
- Tres menores (7 puntos).....
- Catro ou máis menores (10 puntos).....

Puntos

Total puntos situación familiar/socialización menores.....

FACTOR 4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (MÁXIMO TOTAL 20 PUNTOS)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)

- Non hai luz eléctrica (1 punto).....
- Non hai auga corrente (1 punto).....
- Non posúe WC (1 punto).....
- Non posúe cuarto de baño completo (1 punto).....
- Non ten neveira (1 punto).....
- Non ten quentador (1 punto).....
- Non ten lavadora (1 punto).....
- Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto).....
- Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto).....
- Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto).....

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)

- Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos).....
- Ausencia de relacións sociais (6 puntos).....
- Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos).....
- Integración axeitada no contorno (0 puntos).....

Puntos

Total puntos outros aspectos sociais.....

TOTAL XERAL.....



ANEXO IV

INFORME SOCIAL (SAF)

Institución:

Informe emitido por:

Núm. colexiado/a:

Data:

Dirixido a:

Motivo do informe:

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA USUARIA

Apelidos e nome:

Data de nacemento:

Teléfono:

DNI ou pasaporte:

Enderezo:

PERSOA QUE SOLICITA O SERVIZO:

Persoa usuaria

Familia/persoa achegada

Persoa veciña

Outra/o profesional

Outras _____

CARACTERÍSTICAS DO GRUPO DE CONVIVENCIA:

Composición do grupo de convivencia				
Apelidos e nome	Parentesco ou relación coa persoa usuaria	Idade	Estado civil	Profesión
	Persoa usuaria			
Familiares ou persoas achegadas que non conviven				
Apelidos e nome	Parentesco ou relación ca persoa usuaria	Enderezo	Teléfono	

Relacións familiares: (implicación , colaboración, reparto de responsabilidades da familia ou persoas achegadas, que necesidades están cubertas, cal é a persoa familiar ou achegada que asume o rol de coidador/a principal...).Relacións co contorno: (con amizades, con persoas veciñas, nivel de participación social, utilización de recursos/servizos, se existe illamento ou rexeitamento social....).

SITUACIÓN DA VIVENDA:

Localización da vivenda:

- a) Urbana
- b) Rural
- c) Vivenda illada

Réxime de tenencia:

Importe alugueiro/hipoteca por mes:

Barreiras arquitectónicas:

- 1. Si. Sinalar _____
- 2. Non

Habitabilidade:

Soleada	Si	Non
Ventilación	Si	Non
Humidade	Si	Non
Estado de deterioro:		
Goteiras	Si	Non
Fendas	Si	Non
Ameaza ruína	Si	Non

Comunicación (medios de transporte):

SITUACIÓN ECONÓMICA/LABORAL DA UNIDADE DE CONVIVENCIA: (ingresos familiares e a súa procedencia, situacións de desemprego, prestacións económicas, gastos fixos e extraordinarios que inflúan na situación económica...).

SITUACIÓN DA SAÚDE DA PERSOA/FAMILIA USUARIA DO SAF

Situación saúde física e psíquica (diagnóstico, tratamento e asistencia médica que recibe a persoa...).

Situación funcional (autonomía persoal para realizar de actividades da vida diaria, situación de discapacidade: grao...).

Datos de saúde (física, psíquica e funcional) do resto do grupo de convivencia:

Persoa cuidadora habitual das persoas en situación de dependencia:

OUTROS DATOS DE INTERESE: (información relevante para determinar a concesión do SAF como, por exemplo, se a persoa acepta ou non o servizo...).

VALORACIÓN PROFESIONAL: (relacionar e interpretar as variables anteriores para sintetizar a situación-problema...).

PROPOSTA DE INTERVENCIÓN: (recolle a idoneidade ou non do SAF, a necesidade doutros recursos complementarios...).

Asdo.:

*Anexo V**Servizo de axuda no fogar***PROXECTO DE INTERVENCIÓN****1. – DATOS DE IDENTIFICACION DO EXPEDIENTE:**

- Nº EXPEDIENTE:
- DATA DA SOLICITUDE:
- DATA DE INICIO:

- SECTOR DE REFERENCIA:
- NOME E APELIDOS:
- DNI: DATA DE NACEMENTO:
- SEXO: ESTADO CIVIL:
- PERFIL DO PROFESIONAL:
 - Auxiliar de axuda no fogar
 - Educador familiar
 - Psicologo
 - Traballador Social
 - Voluntarios

2. – TAREFAS PROPOSTAS:

De carácter básico:

a) Atencions de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencions de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

d) Atencions de carácter psicosocial e educativo:

- Apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

De carácter complementario:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.

Actividades de socialización e de mellora da autonomía:

- Ximnasia terapéutica, rehabilitadora e de prevención da dependencia
- Obradoiro de memoria
- Socialización activa

3.— ATENCIÓN QUE SE PRESTARÁ:

L	M	M	X	V	S	D	Nº HORAS	HORARIO

PERIODICIDADE DO SEGUIMENTO:

Tecnico responsable

Asdo.

*Anexo VI**Acordo de Servizo*

Reunidos en Meaño o día dunha parte don/dona.....
con DNI:....., ou na súa representación don/dona
 con DNI:, en calidade de
,

E doutra a Traballadora Social, en calidade de Técnico responsable do servizo de axuda no fogar do Concello de Meaño,

ACORDAN:

- 1.— Que o Concello de Meaño prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día _____ do _____ de 200__, e por un prazo indefinido para as persoas dependentes/ e polo prazo de un ano revisable para as persoas que acceden polo sistema de libre concorrencia.
- 2.— Que o SAF se levará a cabo por un total de ____ horas mensuais, distribuídas semanalmente nos seguintes días.....
- 3.— Que atendendo ao Decreto 99/2012, ao Decreto 149/2013, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de % sobre a súa capacidade económica. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de euros, polo total de horas prestadas.
 Que atendendo ao Decreto 99/2012, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de % sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de euros, polo total de horas prestadas.
- 4.— Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da taxa do SAF establecido , na entidade bancaria sinalada polo Concello, no número de conta autorizada para tal efecto.
- 5.— Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:
 - Atencións persoais
 - Atencións domésticas
 - Atencións psicosociais- educativas
 - Atencións complementarias



- 6.— Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.
- 7.— Que o servizo prestarase atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.
- 8.— Que existe un libro de queixas e reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.
- 9.— Que co presente acordo do servizo se lle entrega a persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo debidamente visada polo órgano competente.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan

En Meaño, a dede 20.....

A persoa usuaria

O técnico responsable

ANEXO VII

SOLICITUDE DE BAIXA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Datos da Persoa Solicitante			
1º Apelido		2º Apelido	
Nome		DNI	
Enderezo			
CP		Parroquia	
Concello		Provincia	
Data Nacemento		Teléfonos	

EXPOÑO:

Que sendo beneficiario/a do servizo de axuda no fogar do Concello de Meaño dende o día

SOLICITA:

A baixa no servizo polo seguinte motivo:

.....

Meaño, dede

Asdo.:

Sr./Sra. Alcalde/sa Presidente/a do Condello de Meaño

ANEXO VIII

NOTIFICACIÓN DE ACCESO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MEAÑO

Prácenos comunicarlle que foi adxudicada, pola Consellería de Traballo e Benestar Social, o Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Meaño en horas mensuais, polo que os Servizos

Sociais Comunitarios Básicos contactarán con vostede ao obxecto de establecer a data de alta no servizo cando exista disponibilidad. A súa decisión con respecto ao servizo, aceptación ou desestamento, deberá comunicala ben persoándose nos Servizos Sociais do Concello ou por escrito no modelo que se adxunta no prazo máximo de dez días contados a partir do día seguinte da recepción desta notificación (de superarse ese prazo entenderemos desistido o seu dereito ao servizo).

No caso de que teña algunha dúbida debe poñerse en contacto coa persoa responsable do programa, no Departamento de Servizos Sociais ou no teléfono 986.74.75.85

Meaño, de de

PARA CUBRIR POLA PERSOA USUARIA

Recibida a información que me facilitan desde os Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello do Grove sobre a miña alta no Servizo de Axuda no Fogar cando exista indisponibilidade, comunícolles que:

- a) Acepto o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e serei dado de alta nel na data prevista.
- b) Desisto no meu dereito ao SAF.
- c) Faleceu o/a solicitante (indicar a persoa que comunica o feito).

Meaño, de de

O/a solicitante ou representante legal

Asdo.:

ANEXO IX

IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE TITULAR QUE PRESTA O PROGRAMA.

Concello de Meaño (Pontevedra)

CIF: P36.02700-A

Concello de Meaño- Departamento de Servizos Sociais, rúa Campo da Feira, nº1. .36968-Meaño.

Teléfono: 986 747585

Fax: 986 747391

Horario de atención: de luns a xoves de 9:00 a 14.00h.

Correo electrónico: servizos-sociais@concellodemearno.com

ANEXO X

PROTOCOLO PARA O INICIO DA PRESTACIÓN EFECTIVA E O ESTABLECEMENTO DO VÍNCULO ENTRE A/O AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR E A PERSOA USUARIA DO SERVIZO

Identificación das persoas que deberán estar no domicilio da persoa usuaria no momento da visita do/a técnico/a responsable, preferiblemente fillos, parella, ou familiares directos.

Visita do/a técnico responsable ao domicilio da persoa usuaria, estudo e valoración do caso e elaboración do proxecto de intervención que deberá conter cando menos: os obxectivos que se pretenden acadar coa aplicación do proxecto de intervención, as tarefas concretas a realizar pola auxiliar de axuda no fogar ou outros profesionais, días e horario concreto da prestación do servizo, persoal de atención directa encargado de realizar as tarefas.

Presentación ás persoas usuarias e/ou familiares no domicilio, da auxiliar de axuda no fogar e indicación concreta das tarefas a realizar.

ANEXO XI**RÉXIME DE VISITAS AOS DOMICILIOS DO/A TÉCNICO/A QUE COORDINE OU SUPERVISE O PROGRAMA**

A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, a través de visitas domiciliarias e demais xestións que considere oportunas para o seu seguimento que serán realizadas sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses.

Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se for o caso, ao contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo do servizo.

ANEXO XII**PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN NO CASO DE URXENCIAS E DE INCIDENCIAS***Considéranse situación de urxencia:*

Imposibilidade total de realizar actividades básicas da vida diaria e carecer de familiares que podan atendelo de xeito inmediato.

Cando concorran circunstancias que aconsellen unha intervención inmediata do servizo, esta poderá iniciarse de forma inminente, bastando para isto o informe-proposta do/a traballador/a social correspondente, no que argumentará as circunstancias que aconsellen esta inmediatez, así coma a conseguinte proposta e unha resolución ao respecto.

No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante unha resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de Servizos Sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos Servizos Sociais comunitarios, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

Esta intervención de urxencia non poderá manterse mais dun mes sen que medie unha resolución favorable expresa.

ANEXO XIII**PROTOCOLOS DE SUBSTITUCIÓN DA PERSOA AUXILIAR DE
AXUDA NO FOGAR E DE CESACIÓN DO SERVIZO**

O tempo mínimo de preaviso de cambio de auxiliar será dunha hora, excepto en situación imprevistas, indicando a duración desta sempre que sea previsible.

- Comunicación ao/á beneficiario/a da persoa auxiliar substituta
- Entrega á persoa substituta do proxecto de intervención coas tarefas e horarios para desenvolver.

A cesación do servizo axustarase aos artigos 12 e 13 desta ordenanza, referidos á extinción e á suspensión do servizo.

En caso de renuncia ao servizo do que a persoa usuaria é beneficiaria, esta deberá comunicalo aos Servizos Sociais comunitarios básicos con quince días de antelación e asinar o modelo de solicitude de baixa da prestación do servizo do SAF, conforme o anexo 7.

*ANEXO XIV***PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE QUEIXA NO LIBRO DE RECLAMACIÓN**

- Facilitarase unha copia da queixa ao/á usuario/a
- Remitiráselle o orixinal ao servizo de inspección correspondente
- Nos casos pertinentes, arquivarase unha copia das notificacións nos expedientes dos/as usuarios/as.

A presente Ordenanza entrará en vigor, trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra este acordo poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdicción.

Meaño, 28 de marzo de 2014. – A Alcaldesa, M^a Lourdes Ucha Varela.

2014003032

A N U N C I O

Aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 10 de febreiro de 2014 a ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE MEAÑO, e elevada a definitivo ao non presentarse reclamacións á mesma no período de exposición pública, publícase o texto íntegro da mesma ó abeiro do artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

**“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN
DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.***ARTIGO 1º. – NATUREZA E FUNDAMENTO.*

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, e segundo as normas contidas no Capítulo VI do Título I do real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Meaño establece o prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar por libre concorrencia e a persoas valoradas como dependentes segundo as seguintes disposicións normativas:

- Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención das Persoas en Situación de Dependencia.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o Servizo de Axuda no Fogar na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o reconecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do SAAD, o procedemento para a elaboración do PIA e a organización e funcionamento dos técnicos competentes.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
- Ordenanza municipal reguladora do servizo.

ARTIGO 2º. – CONCEPTO.

O prezo publico regulado neste acordo constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

ARTIGO 3º. – OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

3.1. Están obrigados ao pagamento do prezo publico regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello segundo o estipulado no Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Meaño.

Se o/a beneficiario/a do servizo carecera de capacidade para obrar, dita obriga recaera sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coitado.

3.2. A obriga do pagamento do prezo publico nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo.

ARTIGO 4º. – CONTÍA DO PREZO PÚBLICO MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA.

A contía do prezo público para os usuarios na modalidade de libre concorrencia fixarase en función do prezo hora.

O coste/hora do servizo ascende a:

- 10,00 €/hora en horario laborable ordinario (luns a sábado).
- 10,50 €/hora en horario festivo extraordinario (domingos e festivos).

ARTIGO 5º. – PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO.

5.1. Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar.

Para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecida, aplicarase a seguinte taboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20h	<=45h	<=70h
100%	0%	0%	0%
115%	4,52%	9,61%	14,70%
125%	5,41%	11,50%	17,58%
150%	5,55%	11,79%	18,03%
175%	5,65%	12,00%	18,35%
200%	5,72%	12,16%	18,60%
215%	5,81%	12,34%	18,87%
250%	6,03%	12,82%	19,61%
300%	6,24%	13,26%	20,29%
350%	6,42%	13,63%	20,85%
400%	6,54%	13,90%	21,25%
450%	6,63%	14,09%	21,55%
500%	6,70%	14,25%	21,79%
>500%	6,76%	14,36%	21,97%

- 2.— Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de SAF sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente a cantidade, que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.
- 3.— En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.
- 4.— Se a capacidade económica da persoa usuaria é igual ou inferior a contía anual establecida pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), esta non participará nos custos do servizo.
- 5.— Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.
